



queique

voceiro neogaleguista
Instituto Maruxa Mallo

ORDES 2007-2008

SUMARIO:

| | |
|--|----|
| Portada..... | 1 |
| Sumario..... | 2 |
| Lembranzas, poesía de Olalla Tojo Souto 4ºC..... | 3 |
| Viaxe a París 2008..... | 4 |
| Entrevista a un empresario | 6 |
| Cerra o Hotel Nogallás | 8 |
| Conducir unha ambulancia | 11 |
| No dentista | 14 |
| As rúas de Ordes cambian de nome | 15 |
| O cambio climático | 16 |
| O hóckey en Ordes | 21 |
| Sacar boas notas. Entrevista a Alba. | 22 |
| Visita ao Centro Comarcal | 25 |
| Unha volta pola comarca..... | 28 |
| Visita a un serradoiro | 31 |
| Molestias ocasionadas por Sogama | 33 |
| Sogama, un problema que nos afecta a todos | 34 |
| A Central de Meirama sempre deu que falar | 40 |
| A enerxía solar | 42 |
| FENOSA e os cortes de luz en Ordes | 45 |
| Incendios forestais en Ordes | 48 |
| Informe europeo do medio ambiente | 51 |
| Maquinaria agrícola | 53 |
| Publicidade | 55 |
| As fontes de Ordes | 56 |
| Breve conversa co alcalde | 58 |
| A Peneda de Guntín | 59 |
| Iván Raña | 60 |
| O autocrós galego | 63 |
| Enquisas sobre alcohol, drogas e tabaco | 65 |
| Emigrante | 68 |
| Rehabilitar un muíño | 71 |
| Distribución da poboación de Ordes | 73 |
| Horroróscopo | 74 |
| Entrevista a Dios ke te Krew | 75 |



LEMBRANZAS

A lúa chorando
bágoas de amargura,
sufrimento na escuridade,
no berce da tristura.

Chea e prisioneira
na cela da paixón,
as estrelas centinelas
vixiando o corazón.

Forte latexo,
mirada vixiante,
profundos desexos,
por ese vello amante.

Nese outeiro galego,
nese lugar de soños,
óense as pisadas
no camiño dos encontros.

Cada amencer,
cada día novo,
vese o vello amante
sorrir a este pobo.

Estrelas ansiosas,
segredos da noite,
loitan cada día
por ese vello monte.

Que se agocha alí?
As follas do pasado?
O aturuxo galego?
Ou un cruceiro arcaico?

Nese lar antigo,
dorme a xenreira,
tantos anos na gaiola,
conxuro dunha meiga.

Nunca esquezas o fogar
ou unha noite queda,
nin un novo solpor
nin unha bágoa leda.

OLAYA TOJO SOUTO





VIAXE A PARÍS 2008

Ola!! Logo da marabillosa excursión, queremos contar neste texto como foi a nosa aventura por París.

Todo comezou o nove de marzo, cando pouco a pouco iamós chegando ó IES Maruxa Mallo e subindo no autobús do que acabariamos moi cansados na seguinte semana. Ó principio entre os nervios e a xente nova (os de Vilalonga) non durmiamos nada, pero logo da primeira parada, o sono empezaba a atacarnos e así, entre sonos e risas, transcorreu a primeira noite.

O día seguinte amenceu xa en Francia, e dirixímonos a Poitiers onde visitamos Futuroscope. Por culpa da choiva non puidemos desfrutar de moitas atraccións, pero os simuladores e o resto de espectáculos gustáronnos moito.

Esa mesma tarde embarcamos de novo rumbo París e unha vez no hotel, que

deixaba bastante que desexar, repartíronnos as habitacións. Aí, xusto nese momento, comezaba a verdadeira *festa*, que se converteu sen dúbida, na palabra da semana.

O segundo día dedicámonos a visitar París, comezando por un gran cemiterio, Montmatre, as Galleries Lafayette, etc. Pola noite, despois de ir cear no restaurante de sempre, que por certo o pasabamos moi ben alí, fomos ó Arco do Triunfo, no que había unhas vistas espectaculares, vaia, que valeu a pena ter que subir as case trescentas escaleiras. Logo, un paseo polos Campos Elisios ata o Trocadeiro a ver a Torre Eiffel iluminada.





O mércores, xa algo máis cansos, despois de tres días sen durmir, continuamos coa visita á cidade. Vimos a praza da concordia e o obelisco, o Louvre, a ópera... e por último un tour nocturno en autobús por París, o que moitos se perderon porque o sono ía podendo con nós.


Achegábase xa o final da semana, e iso desilusionábanos, pero tamén nos facía gozar de cada segundo ó máximo. Este día visitamos o Panthéon, que a verdade non foi unha das cousas que máis nos gustou porque estivemos demasiado tempo alí, paseamos polo Barrio Latino, vimos a Sainte Chápelle e a catedral de Notre Dame, que tiña unhas vistas preciosas, pero fartámonos dos centos e centos de chanzos que subimos.

Entre todo isto ían miles de risas, cancións, abrazos... e o mellor da semana aínda estaba por chegar. O seguinte día en canto nos levantamos e almorzamos fómonos a *DisneyLand*, onde sería moi difícil decidir que foi o mellor, a cabalgata, as atraccións movidiñas, os decorados... Todo, todo, todo precioso, e sen dubida podemos

dicir que foi onde mellor o pasamos. O sábado, un pouco tristes porque ese sería o último día alí, fomos en metro, visitamos La Défense , que nos encantou e o pasamos moi ben por alí de compras; subimos á Torre Eiffel, onde tivemos as mellores vistas da semana posto que é o edificio máis alto de París e por último demos un paseo no Bateau Mouche, un catamarán, polo río Sena.

Esa noite, a última noite, ó igual que as outras, non durmimos demasiado, pero tiña ese algo especial de ser a derradeira noite xuntos.

Cando tocou o despertador e fomos almorzar, nas nosas caras observábase as poucas ganas que tiñamos de marchar, pero aínda así houbo que coller o avión, ese avión que nos trouxo de volta a casa. O bo foi que as bágoas que botamos ó despedirnos dos amigos de Vilalonga, secáronse ó ver de novo os amigos e familiares que aquí nos esperaban.



Gloria Casas Neira, 3º C

Jéssica Fraga Codesido, 3º C

ENTREVISTA A UN EMPRESARIO DO SECTOR AUTOMOBILÍSTICO.

Encóntrome na miña casa en Ordes con meu pai un empresario do sector automobilístico, José Carlos Soneira Rama. Voulle facer unha entrevista sobre como é o seu traballo a diario na súa empresa, problemas, situacións económicas...

Natalia S: Bos días.

José Carlos: Bos días.

Natalia S: Que marcas de coches vendedes?

José Carlos: Pois dúas marcas: SEAT e WOLKSVAGEN

Natalia S: Cal é a que máis se vende?

José Carlos: En xeral a SEAT, porque é a máis barata.

Natalia S: Que posto ocupas no taller?

José Carlos: Son xerente de empresa e levo dúas compañías de seguros.

Natalia S: Cales son esas dúas compañías?

José Carlos: ZURICH e CATALANA OCCIDENTE.

Natalia S: Que che é máis doado levar adiante as compañías de seguros ou estar no taller traballando como xerente?

José Carlos: Para min é máis doado o das compañías de seguros, sen dúbida.

Natalia S: Cal é a dificultade que presenta ter un taller?

José Carlos: Chegar a facturar o 100% das horas de traballo.

Natalia S: É certo ou non que houbo crise neste sector ?

José Carlos : Si, pola economía dos consumidores da zona.

Natalia S: Nunha vila tan pequena como Ordes, hai moita competencia?

José Carlos: Si, xa que practicamente están tódalas marcas.

Natalia S: Cal é o horario da túa empresa?

José Carlos: De luns a venres abrimos polas mañás de 9:00 a 13:00 e polas tardes de 15:00 a 19:00. Os sábados abrimos pola mañá.

Natalia S: En que lugar de Ordes se atopa o teu taller?

José Carlos: Nas Casillas a un quilómetro de Ordes cara a Santiago.

Natalia S: O teu taller ten servizo de grúas?

José Carlos: Si, contamos con servizo de grúa permanente.

Natalia S: Cantos empregados conta á súa disposición?

José Carlos: Aproximadamente uns once empregados.

Natalia S: É moi complicado levar un negocio como o teu?

José Carlos: Depende da experiencia que teñas, estudos...

Natalia S: Hai moitos empresarios que teñen que facer cursos, é ese o teu caso?

José Carlos: Si, en moitas ocasións teño que viaxar a Barcelona ou a Madrid uns días.

Natalia S: Carlos pódeme dicir cal é a causa da maioría dos accidentes?

José Carlos: Moi boa pregunta! Os accidentes frecuentemente son polo exceso de velocidade e o alcoholismo e case sempre os produce a xente nova.

Natalia S: O ano pasado, como foi economicamente?

José Carlos: Regular, nin ben nin mal.

Natalia S: A lei que acaba de saír, dos controis de alcoholemia e o exceso de velocidade nos que se pode ir ao cárcere tres meses, influíu en que haxa menos accidentes?

José Carlos: Si aproximadamente

notouse un 60%.

Natalia S: Preséntasenseche moitos problemas a diario no negocio?

José Carlos: Non, os problemas cotiáns que supoño que terán tódalas empresas...

Natalia S: A última pregunta da entrevista porque non quero facerche perder máis tempo. Gústache o teu traballo?

José Carlos: Pois... si, porque grazas a iso relaciónome con moita xente.

Natalia S: Grazas pola túa colaboración e deséxoches que este ano 2008 sexa igual ou mellor economicamente.

José Carlos: Grazas a vós.

Natalia Soneira, 3ºB.

Este é o taller en donde traballa Carlos:





horario laboral habitual
tras este cerre por sorpresa.

fontes de busca:
www.lavozdegalicia.com
buscador de google

ENTREVISTA A UNHA EMPREGADA DO NOGALLÁS

Boas tardes:

CERRA DE MANEIRA SORPRESIVA O HOTEL NOGALLÁS

Os traballadores do hotel Nogallás denunciaron o pasado día 2 de xaneiro o peche do establecemento por parte da empresa propietaria, xa que foi realizado o primeiro día do ano “sen mediar ningún tipo de aviso ou comunicación ós empregados” segundo desvelou o portavoz sindical Álvaro Cajjal.

Os sete traballadores continúan indo á porta do hotel, agora pechado, “xa que se non hai comunicación, debemos acudir ó noso traballo” o que os coloca nunha situación de total incerteza respecto á continuidade dos seus postos de traballo.

Trátase dun dos poucos hoteis cos que conta a vila ordense. Os traballadores permanecen concentrados ás portas do establecemento cumprindo así o seu

Encontrámonos na Alameda de Ordes cunha das extraballadoras do hostel Nogallás, e ímoslle facer unhas preguntas en relación ao caso, para que nos conte algo sobre este tema que chamou moito a atención na vila.

A que pensas que se debe o peche do hotel?

Pecharon porque non quixeron seguir co contrato, que era de quince anos.

De que maneira che influíu o cerre do establecemento?

De maneira economicamente negativa, porque me deixou sen o meu posto de traballo.

Estades á espera dalgunha comunicación?

Si, estamos agardando a que a empresa nos dea algún tipo de explicación sobre os feitos, pero de forma directa, xa que o que sabemos é de oídas.

Estades en comunicación con algún sindicato ou institución pública?

Si, xa estamos en contacto co noso sindicato, e tamén con outros cargos públicos.

Pedistes algún tipo de axuda ó Concello para esclarecer este asunto?

Polo momento non, pero xa o temos meditado e quizais o fagamos máis tarde.

Nalgún momento o Concello se puxo en contacto co encargado ou outro traballador para falar do tema?

Que eu saiba non, porque persoalmente non temos moito contacto.

Déronvos algunha explicación sobre o feito, semanas máis tarde?

Non, aínda non recibimos ningunha resposta.

Que tendes pensado facer para reclamar dalgún xeito os vosos dereitos?

Pois estamos consensuando as distintas opcións que temos para

facelo dunha forma sinxela e ao mesmo tempo que sexa eficaz.

Comunicástesllo á oficina de emprego?

Si, por suposto.

En caso de que o peche non sexa definitivo, gustaríache manter o emprego, ou tes pensado traballar nalgunha outra empresa?

Despois desta faena... non me fai falta pensalo, porque chegar ó traballo e encontrarte coas portas pechadas sen ningún aviso de por medio é moi desagradable, polo que xa estou buscando algo.

Meses máis tarde é escasa a información que podemos engadir, polo que lle imos facer unhas preguntas máis á nosa axudante. Nós só sabemos que o hostel abriu de novo as súas portas, pero con donos diferentes.



Agora que o hostel abriu as súas portas,

incorporácheste xa ao teu traballo?

Non, porque xa estou noutro dende antes de que abrira.

Podes darnos algunha información sobre a situación actual do hostel?

Pois a información que podo achegarvos é que cambiou de xefes, pero a nós aínda non nos informaron de nada ó respecto.

Tivestes resposta do sindicato ou da oficina de emprego?

Si, pero seguimos tentando que nos axuden para ser indemnizados, xa que segundo nos informaron temos dereito a unha compensación por parte da empresa.

Déronvos data de resposta os do sindicato?

Non, simplemente dixeron que os trámites están feitos, e soamente é cuestión de tempo.

Estades de acordo co que vos dixeron?

Pois eu persoalmente non, porque non me parece normal que tarden tanto. Aínda que se hai que esperar, esperaremos.

Pechamos o artigo sen coñecer o remate desta historia...

NOELIA REY MELLA e MYRIAM CASTRO VISOS 3ºB



Viñetas de Historias de Icí e Avoa por Sabela Arias

ENTREVISTAMOS A UN CONDUTOR DE AMBULANCIAS

Manuel Montoto Otero é un condutor de ambulancias de Ordes que nos vai responder a unha serie de preguntas sobre o seu traballo.

ENTREVISTADORAS:

-Qué hai que facer para poder conducir unha ambulancia?

CONDUTOR:

-Pois calquera persoa que teña carné de conducir, o B.T.P. como mínimo. Tamén hai que ter un curso de emerxencias 061, para conducir a de urxencias.

ENTREVISTADORAS:

-É unha profesión vocacional para vostede?

CONDUTOR:

-Si, sempre me gustou axudar aos demais.

ENTREVISTADORAS:

-De mozo xa era consciente de que isto

era o que quería facer?

CONDUTOR:

-Si, xa dende neno tiña pensado ser condutor de ambulancias.

ENTREVISTADORAS:

-Ten pensado dedicarse a isto o resto da súa vida ou gustaríalle facer outra cousa?

CONDUTOR:

-Por agora estou a gusto nisto das ambulancias.

ENTREVISTADORAS:

-Que tivo que estudar para traballar nisto?

CONDUTOR:

-Pois tiven que estudar un curso de emerxencias 061, un curso de primeiros auxilios e teño que ter o carné de conducir apropiado.

ENTREVISTADORAS:

-Cales foron os seus mellores e peores momentos na ambulancia?

CONDUTOR:

-Un dos meus mellores casos foi nunha ocasión onde o paciente tivo unha parada cardíaca cando despois do mal momento que pasamos todos, o paciente reaccionou, pero tamén hai

malos momentos, aquí e en todo, como por exemplo unha vez nun accidente entre dous camións que chocaran, non sabiamos como estaban as vítimas e cando chegamos, tivemos que subir nunha plataforma á cabina do camiión. Un deles estaba grave e o



outro, que era o condutor, quedáralle o voante incrustado, tivemos que rompelo, pero ao final a vítima non deu sobrevivido.

ENTREVISTADORAS:

-Eses malos momentos aféctanlle non dentro, senón tamén fóra do traballo?

CONDUTOR:

-Se a cousa é grave ata un par de días non me dou esquecido do acontecemento.

ENTREVISTADORAS:

-Que características debe ter vostede sendo condutor de ambulancia?

CONDUTOR:

-Pois debo de ser sereno, sobre todo non me podo poñer nervioso.

ENTREVISTADORAS:

-Como ben nos comenta non se pode poñer nervioso, pero como resultou ser a súa primeira urxencia?

CONDUTOR:

-O primeiro día é moi difícil porque non sabes ao que vas. Eu persoalmente púxenme moi nervioso, pero procurei que non se notara.

ENTREVISTADORAS:

-A primeira vez que conduciu unha ambulancia como se sentiu?

CONDUTOR:

-Ben, sempre me gustou conducir.

ENTREVISTADORAS:

-Levou algunha vez a algunha persoa famosa?

CONDUTOR:

-Agora mesmo non recordo, pero creo que non.

ENTREVISTADORAS:

-Sempre se limitou aos traslados hospitalarios ou algunha vez tivo que atender algunha urxencia médica?

-CONDUTOR:

-As dúas cousas.

ENTREVISTADORAS:

-E cal das dúas lle gusta máis?

CONDUTOR:

-Gústame as dúas, pero se teño que elixir prefiro as urxencias porque xa sabes de que vai a cousa, e o que podes atopar.

ENTREVISTADORAS:

-Puxéronlle nalgún caso unha multa estando de servizo?

CONDUTOR:

-Non, sempre intentamos ir á velocidade adecuada e en caso de urxencia, poñemos a sirena.

ENTREVISTADORAS:

-Tivo algún accidente?

CONDUTOR:

-Nalgunha ocasión si, pero causado por outra persoa.

ENTREVISTADORAS:

-Como debe actuar ante un accidente de tráfico?

CONDUTOR:

-Ante todo non me podo poñer nervioso e debo actuar con seriedade.

ENTREVISTADORAS:

-Cantas urxencias adoita haber ao día?

CONDUTOR:

-Depende do día, pero andas sobre as cinco e as dez urxencias.

ENTREVISTADORAS:

-Que urxencias son as máis frecuentes?

CONDUTOR:

-Hoxe en día as máis abundantes son os accidentes de tráfico, pero tamén adoita haber casos de xente que cae ou se tira dende grandes alturas.

ENTREVISTADORAS:

-Que elementos compoñen unha ambulancia?

CONDUTOR:

-Pois fundamentalmente teñen que ter unha padiola, dúas cadeiras de rodas, osíxeno e outros materiais de primeiros auxilios.

ENTREVISTADORAS:

-Como ben sabemos, e xa nos contaches, non debes poñervos nerviosos pero isto non debe ser moi sinxelo cando atendedes urxencias que son verdadeiramente graves, non si?



CONDUTOR:

-É difícil, pero hai que manter a calma.

ENTREVISTADORAS:

-Que diferenza hai entre unha ambulancia de urxencias e unha convencional?

CONDUTOR:

-A de urxencias ten que estar operativa as 24 horas do día, os trescentos sesenta e cinco días do ano, a convencional ten un horario nos que leva xente que vai a diálise, a radioterapias, etc.

ENTREVISTADORAS:

-Vostede que traballou nas dúas ambulancias que opina sobre os horarios de cada unha? Cal das dúas ten un horario de traballo máis duro?

CONDUTOR:

-O mellor horario creo que é o das convencionais pois tes un tempo para ir á casa e comer, cousa que non pasa na de urxencias porque tes que estar disposto ás 24 horas do día.

ENTREVISTADORAS:

-Actuou algunha vez nun caso heroico?

CONDUTOR:


-Para min todos son heroicos.

E aquí poñemos fin a unha entrevista moi interesante. Querémoslle agradecer ao condutor Manuel Montoto Otero as molestias tomadas para axudarnos e contestarnos estas preguntas.

Andrea Calvo Gómez

Tania Gándara Suárez

PARTES DUNHA ORTODONCIA



Na actualidade os dentistas son moi importantes para a sociedade polos problemas bucais que estamos a padecer, nunca nos vén mal saber un pouco dese mundo. Con sorte tivemos a oportunidade de facerlle unha breve entrevista a Alberto Rama Vázquez un mecánico-dentista-protésico dos máis recoñecidos en Ordes.

Estamos na súa clínica o día cinco de febreiro ás catro e media da tarde, imos empezar facéndolle unhas preguntas sobre as ortodoncias.

Para que serven as ortodoncias?

-Serven para corrixir os problemas bucais.

Por que tanta xente ten que poñelas na actualidade?

-Polo cambio de alimentación, que inflúe no desenvolvemento da mandíbula. Tamén inflúe a cultura, porque antes non se pensaba que as malformacións se podían corrixir. E

por estética, hixiene, saúde oral e moitas cousas máis.

De que materiais están feitas?

-Segundo o tratamento poden estar feitas de resinas acrílicas, níquel-titanio, porcelanas...


De que pezas constan?

-Se son removibles, de placa, parafuso, arcos e ganchos, e se son fixas, de brackets, arcos, gomas e ligaduras.

Os materiais supoñen moito gasto?

-O importe máis alto do aparato da ortodoncia corresponde aos materiais.

PARTES DUN DENTE



De que prezo estamos a falar?

-Depende do tratamento.

Canto tempo se tarda en corrixir a colocación dos dentes no seu sitio axeitado?

-Depende do caso clínico que se diagnostique.

Falando das enfermidades bucais:

Que tipos de deformacións ou malformacións bucais existen?

-Óseas, prognata-retrognata, dentais, labiais ou linguais.

Cambiando un pouco de tema:

Cando empezaches a poñer as ortodoncias na túa clínica?

-Hai 12 anos.

Cando empezaches no mundo dos mecánicos-dentistas?

-No ano 1985.

Como se che ocorreu ser mecánico-dentista?


-Faláronme desa titulación e empecei a estudala.

Cando montaches a túa propia clínica?

-Hai 13 anos.

Agora que rematamos a entrevista xa sabemos un pouco máis de todo o relacionado co mundo da cavidade bucal. Agradecemos a Alberto Rama Vázquez que nos concedese esta entrevista así como a súa amabilidade.

CLASIFICACIÓN DOS DENTES



Pablo Regos Vilares.

Ordes acorda cambiar o nome das rúas con referencias ao franquismo.

Afecta ás rúas General Mola, Generalísimo, Calvo Sotelo e a de José Antonio.

O Concello de Ordes aprobou no pleno cambiar os nomes das rúas respecto á etapa franquista. Este acordo foi alcanzado grazas á moción presentada polo BNG, unha iniciativa que o grupo nacionalista leva presentando desde a súa chegada á corporación municipal no ano 1995. Agora tras o acordo alcanzado, a Rúa General Mola pasará a chamarse Rúa de Galicia; a Rúa Generalísimo será a Rúa Nova; a Rúa Calvo Sotelo será a Rúa dos Lagartos e a Rúa José Antonio pasará a denominarse Rúa do Recreo. Esta é unha decisión histórica para os grupos que pelexan por ela desde 1983 en diferentes mandatos. Este acordo supón a modificación da guía de rúas de Ordes, vixente desde había 30 anos. Coa mesma, a corporación municipal acordou levar a cabo unha homenaxe de recoñecemento aos republicanos fusilados da comarca.

Maria Esther Cao Noya. 3ºA

Ana Belén Cao Noya. 3ºB



O CAMBIO CLIMÁTICO

Lucía Juncal Sánchez

Virginia Juncal Gómez 3ºD

O cambio climático é a modificación do clima con respecto ó historial climático a unha escala global ou rexional. Estes cambios prodúcense sobre todos os parámetros climáticos: temperatura, precipitacións, nubosidade... O termo normalmente úsase para facer referencia ós cambios climáticos que suceden no presente, tamén chamado quecemento global. Por cambio climático enténdese un cambio de clima atribuído directa ou indirectamente á actividade humana que altera a composición da atmosfera mundial e que se suma á variabilidade natural do clima observada durante períodos de tempo comparables. (cambio climático - wikipedia...)

Secas en África, desaparicións de especies, inundacións en Centroeuropa e Asia, furacáns no Caribe, pouca neve nos Alpes, desxeo no Himalaia e nos polos... Son causados polo cambio climático. Os

científicos só ven un claro culpable: o home. Medidas como usar enerxías renovables e o transporte marítimo deberían cumprirse. E, ó seguir así, o futuro depararanos secas prolongadas, aumento das temperaturas e fortes tormentas. Con estes cambios o 30% das especies poden desaparecer. Xullo de 2006 foi o mes máis caloroso en 45 anos e tamén está o inverno máis cálido dos últimos 127 anos. (SOS: cambio climático...)

Un cambio na emisión do Sol, na composición da atmosfera, na disposición dos continentes, nas correntes mariñas ou na órbita da Terra pode modificar a distribución da enerxía e o balance radioactivo terrestre, alterando así o clima. (cambio climático - wikipedia...)

O protocolo de Kioto é un pacto asinado firmado polos gobernos en conferencia da ONU (Organización das Nacións Unidas) sobre o cambio climático celebrada en 1997. Os firmantes comprometíanse a reducir, entre os anos 2008-2012 nun 5,2% a cantidade de emisións á atmosfera de gases contaminantes dos países industrializados e que son os causantes do efecto invernadoiro. Hoxe, as nacións que confirmaron Kioto son 141, e emiten o 61,5% dos gases de todo o planeta, aínda que entre elas hai dúas ausencias moi significativas: Estados Unidos, país

culpable da emisión do 25% dos gases contaminantes do mundo, e Australia. Segundo Kioto, cada unha das nacións debe alcanzar un obxectivo distinto de redución de gases do efecto invernadoiro. (SOS: cambio climático...)

Causas dos cambios climáticos:

Temperaturas na superficie terrestre:

Sobre o clima inflúen moitos fenómenos; cambios nestes fenómenos producen cambios climáticos. Estas influencias pódense clasificar en externas e internas á Terra. Ás externas tamén se chaman forzamentos. Tamén hai fenómenos aleatorios como os impactos de meteoritos. Nas causas internas encóntranse unha maioría de factores non sistemáticos ou caóticos. Por todo iso o clima considérase un sistema complexo. Nisto depende moito a escala do tempo na que se observa a variación.

Variación solar: A temperatura medida



na Terra depende do fluxo da radiación solar que

recibe. O fluxo da radiación tamén é o motor dos fenómenos atmosféricos e aporta a enerxía necesaria á atmosfera para que estes se produzan. A

luminosidade solar mantense practicamente constante durante millóns de anos.

Variacións orbitais: Oscilan periodicamente facendo que a cantidade media de radiación que recibe cada hemisferio fluctúe ó longo do tempo e estas variacións provocan as pulsacións glaciares a modo de veráns e invernos de prolongado período. Son os chamados períodos glaciares e interglaciares. Hai tres factores que contribúen a modificar as características orbitais: a precisión dos equinoccios, a excentricidade orbital e a oblicuidade da órbita ou inclinación do eixe terrestre. Os impactos de meteoritos poden provocar un efecto devastador sobre o clima ó liberar grandes cantidades de CO₂, po e cinzas á atmosfera. Estes feitos podían intensificar a actividade volcánica en certas rexións.

Deriva continental: A Terra sufriu moitos cambios desde a súa orixe hai

4.600 millóns de anos. Hai 225 millóns



ns todos os continentes estaban unidos, formando Panxea, e había un océano universal chamado Panthalassa. Favoreceu o aumento das

correntes oceánicas e provocou que a diferenza de temperatura entre o Ecuador e o Polo foran moitísimo menores que na actualidade. A tectónica das placas separou os continentes. O Océano Atlántico



foise formando desde hai 200 millóns de anos. Hai dous aspectos a ter en conta: as latitudes nas que se concentra a masa continental; se as masas continentais están situadas en latitudes baixas haberá poucos glaciares continentais e temperaturas medias menos extremas. Se os continentes están moi fragmentados haberá menos continentalidade.

A atmosfera primitiva perdeu os seus compoñentes máis lixeiros, o hidróxeno diatómico e o helio para ser substituídos por gases procedentes das emisións volcánicas do planeta, dando lugar a unha atmosfera de segunda xeración. Nesta atmosfera son importantes os efectos dos gases de invernadoiro. A cantidade de óxido de xofre e outros aerosois emitidos polos volcáns contribúen a arrefriar a Terra. Coa aparición da vida na Terra sumouse como a xente o total de organismos vivos, a biosfera. Os organismos autótrofos pola fotosíntese ou quimiosíntese capturaron gran

parte do abundante CO₂ á vez que empezaba a acumularse osíxeno.

As correntes oceánicas ou mariñas son un factor regulador do clima que actúa como moderador, suavizando as

temperaturas de rexións como Europa. Da mesma maneira que o vento solar pode afectar ó clima, as variacións no campo magnético terrestre poden afectalo de maneira indirecta, xa que, pode deter ou non as partículas emitidas polo sol. Sábese que os polos magnéticos, tenden a encontrarse próximos ós polos xeográficos, nalgúns ocasións aproximáronse ó Ecuador.

Influencia antropoxénica sobre o clima: O ser humano é hoxe un dos axentes climáticos de importancia. A súa influencia comezou coa deforestación para convertelos en terras de cultivo e pastoreo pero na actualidade a súa influencia é moito maior ó producir a emisión abundante de gases que producen o efecto invernadoiro: CO₂ en fábricas e medios de transporte, e metano, en granxas de gandería intensiva e arrozais.

Retroalimentación e factores moderados: Moitos dos cambios

climáticos importantes danse por pequenos desencadeantes causados polos factores que xa se citaron, xa sexan forzamentos sistemáticos ou sucesos imprevistos. Eses desencadeantes poden formar un mecanismo que se forma a si mesmo (retroalimentación ou “feedback positivo”). A Terra pode responder con mecanismos moderadores (“feedbacks negativos”). Ou cos dous fenómenos á vez. O sistema climático



é un sistema caótico e complexo. Un exemplo de “feedback” positivo é o efecto “albedo”, un aumento da masa xeada que incrementa a reflexión da radiación directa e amplifica o arrefriamento. Tamén pode actuar amplificando o quecemento cando hai unha desaparición da masa xeada. Tamén é unha retroalimentación a fusión dos casquetes polares, xa que crea un efecto de estancamento pola cal as correntes oceánicas non poden

cruzar esa rexión. No momento en que empeza a abrirse o paso das correntes contribúese a homoxeneizar as temperaturas e favorece a fusión completa de todo o casquete e a suavizar as temperaturas polares, levando o planeta a un maior quecemento. Actualmente chegouse á conclusión de que o efecto total que producen as nubes é do arrefriamento. Pero este estudo só se refire ás nubes actuais. O efecto neto futuro e pasado

é difícil de saber xa que depende da composición e formación das nubes.

Paleoclimatoloxía: os estudos do clima pasado realízanse estudando os rexistros fósiles, as acumulacións de sedimentos nos leitos mariños, nas burbullas de aire capturadas nos glaciares, as marcas erosivas nas rocas e as

marcas de crecemento das árbores. Con base a todos estes datos púidose confeccionar unha historia climática recente precisa, e unha historia climática prehistórica menos precisa. A medida que retrocedemos no tempo os datos redúcense e chegando un punto a climatoloxía sérvese só de modelos de predición futura e pasada. Variacións na concentración do dióxido de carbono: A atmosfera inflúe no clima; se este non existise, a

temperatura na Terra sería de -20° C. O Sol pola súa alta temperatura emite radiación e a atmosfera deixa pasar a radiación. A Terra ten unha temperatura moito menor. O CO_2 está actualmente na atmosfera. O resultado é que a atmosfera quéntase e devolve á Terra parte desa enerxía porque a temperatura superficial é de 15° C. A este fenómeno chámase efecto invernadoiro; CO_2 e o H_2O son os gases responsables del.

Durante estes últimos anos as medicións das diferentes estacións meteorolóxicas indican que o planeta estase quentando. Os últimos dez anos foron os máis calorosos desde que se

levan rexistros, e os científicos din que o futuro será máis quente. A medida que o planeta se quenta, os casquetes polares fúndense. O quecemento global tamén

ocasionará, que se evapore máis auga dos océanos. O vapor de auga actúa como un gas invernadoiro, en moi curto prazo. Isto produce o que se chama efecto amplificador. O CO_2 é moi importante no efecto

invernadoiro: se a temperatura é alta, favorece o seu intercambio cos océanos para formar carbonatos. Se a temperatura é baixa, o CO_2 acumúlase porque non favorece a súa extracción co que aumenta a súa temperatura. Dise que os bosques e selvas son os pulmóns da Terra. Hai uns dous millóns de anos a Terra sufriu períodos glaciares onde gran parte de Norteamérica, Sudamérica e Europa quedaron cubertas baixo grosas capas de xeo durante moitos anos. Despois o xeo desapareceu e deu lugar a un período interglaciar no que vivimos. O proceso repítese cada cen mil anos. ([cambio climático - wikipedia...](#))



BIBLIOGRAFÍA:

- SOS: cambio climático | el mundo .es
- cambio climático - wikipedia la enciclopedia libre.

O HÓCKEY EN ORDES

Que deportes se practican en Ordes? Os principais deportes desta vila son o fútbol e o hóckey sobre patíns. Neste traballo ímosvos falar un pouquiño do último xa que hai moita xente que nunca oíu nada sobre el nin sabe como se xoga.

O hóckey foi inventado en Atenas e a Ordes chegou uns anos máis tarde, no ano 1998 coa apertura do "Club Patín Ordes". Este club obtivo moitos éxitos aínda que ao principio a xente da vila non se animaba moito a practicar o novo deporte, pois considerábano moi violento e perigoso. A verdade é que non vale calquera para xogar ó hóckey... máis tarde empezou a haber problemas no club e non tivo máis remedio que pechar as súas portas no ano 2000. Dende iso algúns dos xogadores deste deporte ó non querer deixar de practicalo, decidiron marchar para outro equipo, o do I.N.E.F que está en Oleiros.

Un par de anos máis tarde algúns dos fundadores do antigo equipo ordense acordaron crear un novo club para ver se tiñan máis sorte nesa ocasión. O equipo pasaría a chamarse "A.C. Órdenes" e polo de

agora obtivo moi bos resultados en todas as categorías.

O hóckey xa conta con moitos deportistas, pero segue sendo máis practicado o fútbol, polo menos en España. Na nosa opinión é comprensible xa que o hóckey é un deporte bastante caro e agresivo. Tería que ser obrigatorio que os xogadores levaran todo o corpo protexido para que a xente lle perda ese medo ou simplemente respecto, a practicalo.

Dende aquí recomendámoslles a todos os lectores e amantes do deporte que elixan o hóckey, non é por desprezar os demais, pero este en especial é un deporte colectivo no que coñecerás moita xente e farás moi bos amigos.

Para xogar necesitas uns patíns de catro rodas especiais para hóckey, que custan máis ou menos uns 200 euros. Logo tamén vas precisar uns protectores para as pernas, unhas xeonlleiras, luvas e, por último, un stick, chamáselle así o pao co que se xoga ao hóckey.

Anímate!!! Pasaralo xenial con todos nós!!!

Esperámoste!!!

Un saúdo e ata a próxima.

Silvia Garaboa Fernández

Estela Graciela Pérez del Río

Lidia Pallas
Gómez 3ºD



ENTREVISTA A ALBA

A nosa entrevista foi feita a unha alumna do IES nº1 de Ordes, polas súas altas cualificacións no bacharelato de Ciencias da Saúde e Medio Ambiente. Esta rapaza é do Mesón do Vento polo tanto, o seu colexio de primaria foi o CEIP Mesón do Vento e máis tarde veu a Ordes para cursar a ESO e o bacharelato.

Noelia e Cristina- Ola Alba, que tal? Estamos aquí Noelia e Cristina para facerche unha serie de preguntas sobre a túa vida e os teus estudos.

Alba- Ola rapazas, ben, espero que vós tamén. Pois empezamos con esas preguntíñas logo...

N/C- De onde es?

Alba- Do Mesón do Vento.

N/C- Onde estiveches antes de estar no IES nº1?

Alba- No IES nº2, agora Maruxa Mallo, de Ordes.

N/C-
Que
fas
neste



momento?

Alba- Segundo de bacharelato no IES nº1.

N/C- Hai moita diferenza entre o IES Maruxa Mallo e o IES nº1?

Alba - Hai diferenza, pero eu creo que se desde un principio levas as cousas ó día e pos un pouco de interese non resulta difícil.

N/C- Cal é a clave para teres tan boas notas?

Alba - Eu penso que a clave é non deixar todo para o último día e deste xeito non andar coas présas.

N/C- Despois de estudar tes tempo libre?

Alba - Si, aínda que pola semana intento non deixar nada atrás, así teño máis tempo para saír a fin de semana.

N/C- Que bacharelato estás estudando?

Alba - O de Ciencias da Saúde e Medio Ambiente.

N/C- Que pensas facer no futuro?

Alba - Fisioterapia, desde pequeniña

quixen ser fisioterapeuta e non cambiei de idea.

N/C- Que nota media debes obter para estudar fisioterapia?

Alba - Non estou segura, pero creo que un sete.

N/C- Coas notas que tes non che gustaría facer outra carreira máis difícil?

Alba - Primeiro farei esta, a que me gusta, despois se vexo que me vai ben, intentarei facer outra que me atraia.

N/C- Mentres estudas, gustaríache formar unha familia ou iso telo pensado facer ao rematar os estudos?

Alba - Primeiro quérome centrar nos estudos e acabar a carreira que elixín, pero se aparece un mocíño non o descartarei. Ha! Ha!

N/C- Cal é o teu libro favorito?

Alba - "Memorias dunha Geisha", pareceume moi interesante, pero tamén teño outros libros que me gustan.

N/C- Cal é a túa película favorita?

Alba - Eu sempre fun moi tradicional, "Titanic", sen dúbida.

N/C- Cal é o teu CD favorito?

Alba - Ata agora mesmo non tiña un en concreto, pero agora estou descubrindo unha cantante que me gusta, Rihanna.

N/C- Cal é o teu xogo de PC favorito?

Alba - Raras veces ando no ordenador, só cando teño tempo libre; para

actualizar o fotolog, chatear e facer traballos.

N/C- Dedícaslle moito tempo á televisión?

Alba - Sempre que hai algunha noveliña que me atrae e, sen dúbida, as noites dos martes están reservadas para "House".

N/C- Estás moito tempo cos amigos?

Alba - Intento estar o máximo tempo posible con eles, aínda que pola semana non podemos estar moito xuntos, pero as fins de semana libres son deles exclusivamente.

N/C- Por onde saes os sábados habitualmente?

Alba - Normalmente por Ordes, os sábados, pero se non teño moito traballo, os venres saio con meu irmán ou con miña prima ó "Bosque".

N/C- Que opinas do famoso botellón de Ordes?

Alba - Eu son unha das partícipes del, mentres se recolla todo e non haxa leas, para min non ten ningún inconveniente.

N/C- Interésache a política?

Alba - Nin me gusta nin me desagrada, simplemente non é o meu hobby.

N/C- Cal é a túa lingua materna?

Alba - Sempre falei galego.

N/C- Sempre residiches no Mesón do Vento?

Alba - Si, os meus parentes sempre foron de aquí.

N/C- Algunha vez pensaches en cambiar de lugar de residencia?

Alba - Pois nunca o considerara porque sempre me gustou estar aquí, e só pensar que para estudar unha carreira, me teño que mudar, atemorízome.

N/C- Gústache viaxar?

Alba - Si, a quen non, sempre me gustou coñecer mundo, pero sempre con volta á casa. Ha! Ha!

N/C- Polo feito de ter boas notas danche máis liberdade teus pais?

Alba - Eles confían en min e cando lles digo que teño todas as tarefas feitas non dubidan en deixarme facer as cousas que quero.


N/C- No teu éxito influíu a túa familia?

Alba - Ó principio sempre me dicían o que din tódolos pais “estuda, estuda”, pero despois xa sabía eu o que tiña que facer.

N/C- Ben, Alba, moitas grazas por este tempo que nos dedicaches esperamos que todo che siga indo tan ben como ata agora e que teñas moito éxito na selectividade, que nós non dubidamos que a nota che dá para facer esa carreira que tanto desexas.

Alba - Non tedes por que dar as grazas, foi un pracer. Grazas a vós polos vosos ánimos, xa vos contarei.

Obradoiro de Picasso, fotos:





VISITA AO CENTRO COMARCAL DE ORDES

O xoves 3 de xaneiro pola mañá fomos facer unha visita ao Centro Comarcal de Ordes. Atendeunos unha rapaza moi amable, que dixo ser a secretaria do responsable do centro. Este non nos puido atender porque naqueles intres estaba reunido, e segundo nos dixo a moza, tardaría un bo anaco en estar libre para atendernos.

Como antes dixemos, a moza foi moi agradable con nós e tratounos moi ben, con moita amabilidade e cortesía. Comezamos por facerlle a entrevista. Respondeu a todas as preguntas que lle formulamos, agás algunhas que non sabía e outras das que non estaba

segura, e preferiu non contestar por se fosen erróneas. Logo ensinounos varias partes do Centro Comarcal, comezou pola primeira sala; nela exhibían cadros sobre a exposición que había nese momento (dende o 2 ata o 15 de xaneiro). Nesta sala as actividades cámbianse mais ou menos cada quince días, e percorren todos os centros de desenvolvemento comarcal de Galiza.

Logo, ensinounos outro cuarto onde



había un pouco de todo, dende grandes pedras ata un enorme mapa tridimensional da comarca de Ordes; que estaba situado no cento da sala.



Despois mostrounos o salón de actos, lugar no que xa estiveramos en diversas ocasións, debido a actividades realizadas polo instituto.

Sacámoslles fotos a todos estes lugares, como non, co permiso da moza.

1º. Que é o Centro Comarcal? Para qué

serve?

O Centro Comarcal é un grande escaparate que tenta reafirmar e materializar a identidade comarcal, promover os recursos comerciais dende unha óptica global, apoiar ás PEMES e “microempresas”, informar e asesorar, difundir as novas tecnoloxías, atraer os visitantes e expoñer produtos locais.

2º. Cando empezou a facer as súas actividades o Centro Comarcal de Ordes?

En xullo de 2004.

3º. Naceu neste edificio o Centro Comarcal?

Si.

4º. Ten previsto algunha actividade con algún instituto?

De momento non.

5º. De qué organismo dependen os



centros de desenvolvemento comarcal?

Da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Consellería do Medio Rural.

6°. Cales son as actividades que máis se desenvolven neste centro?

As actividades encamiñadas ao medio rural, cursos para a poboación e exposicións.

7°. Teñen algún método para facilitar que as persoas doutros concellos se acheguen aquí?

Non.

8°. Canto persoal depende actualmente do Centro Comarcal?

Tres persoas.

9°. Con qué recursos económicos contan?

Non hai presuposto.

10°. Teñen acordos para facer actividades a medias cos diversos Concellos?

Os Concellos utilizan as instalacións do centro para xuntas; salóns de actos, despachos...

Ao rematarmos a visita, a rapaza proporcionounos vídeos de información sobre a exposición actual, e, en xeral, sobre o Centro Comarcal, e tamén papeis informativos sobre estes.

Silvia Fariña Sánchez

Cristina Pazos López

Tania Varela Fraga, 3º A.



UNHA VOLTA POLA COMARCA DE ORDES

CONCELLO DE CERCEDA

O



aquapark fixo coñecido o concello de Cerceda, debido a que é un dos poucos parques acuáticos que hai en Galicia. Frecuentemente chegan a el numerosas excursións realizadas por concellos dos arredores. Entre todas estas visitas, súmanse as orquestras que tocan preto desta localidade.

Consta de oito piscinas, seis con pequenos tobogáns e dúas con outros de maior altitude, unha de ondas e un jacuzzi. Tamén podemos atopar outras áreas de lecer, como unha cafetería, un parque infantil ou un miradoiro. Bordeando estes espazos encontramos un inmenso xardín.

Para quentar a auga dalgúns piscinas utilízanse paneis solares, que ocupan máis de 1.000 metros de superficie. (www.cer...)

CONCELLO DE FRADES

O concello de Frades atópase rodeado por Ordes, Mesía, O Pino, Arzúa, Boimorto e Oroso. O lugar onde hai máis poboación é Ponte Carreira, situado a 27 quilómetros de Santiago.



A caza e a pesca son os maiores atractivos desta terra, xa que se atopa regada por ríos, que desembocan no Tambre. No ámbito monumental destacan os pazos de Galegos, Abellá, Moar e as igrexas. Na de Céltigos, datada no ano 969, apareceu



nunha pedra do arco da entrada unha inscrición do século X. Na parroquial de Papucín, de estrutura románica, atópase un escudo procedente dalgún pazo dos arredores. A de Gafoi conserva unha porta románica con

catro columnas, no chan dese mesmo punto tamén podemos atopar unha cruz inscrita nun círculo.

En Frades tamén atopamos ermidas: a de San Roque, en Moar, está rodeada por unha fraga. Pero sen dúbida a máis interesante atopámola no alto do monte de San Nicolás, co seu mesmo nome, rodeada de carballos na entrada, a pesar de que nese monte a vexetación que abunda son os piñeiros.

(www.dic...)



CONCELLO DE MESÍA

A capital municipal do concello de Mesía é Xanceda que se atopa a 16 quilómetros de Ordes. Neste municipio a xente dedícase á gandería, habendo así un gran número de granxas. O escudo deste concello é o mesmo que no ano 1838, nel figura a torre do castelo de Mesía.

A casa do concello de Mesía atópase en Campo das Mentiras, Xanceda. Foi inaugurada en 1955, despois de varios cambios no lugar de capitalidade deste

municipio. É un edificio de planta cadrada, constituído por dous andares. No primeiro ten o pórtico de dobre arco de medio punto á fronte e un arco de medio punto en cada lateral. O balcón municipal atopámolo no segundo piso. Xa no alto levántase un ático co escudo coroadado, nun frontón triangular.



Durante o verán encóntrase nas Brañas de Mata, entre Mesía e Xanceda, un gran espazo dedicado ó lecer, xa que nese lugar están a piscina municipal, dúas pistas de tenis, un campo de fútbol e un parque infantil. (www.conc)

CONCELLO DE ORDES

Este concello é coñecido por moitos motivos: a festa do champiñón, o festival da canción, o triatleta Iván Raña, o grupo Dios ke te Crew... en fin unha lista innumerable. Pero se algo destaca son as noites dos sábados.



Ese é o día no que toda a xente nova se xunta no Campo da Feira, alí atopan en tódolos baixos bares, pubs e tamén o que en verdade lle deu prestixio á “movida” ordense Lp45, xa que é unha das discotecas máis grandes de Galicia. Nos 18 anos que está a punto de cumprir graváronse programas da Televisión de Galicia, tocaron varios grupos de música e estiveron prestixiosos dj’s. A principios de inverno esta discoteca non é só para a xente máis nova, os domingos a partir da sete da tarde os máis veteranos poden asistir á actuación de diversas orquestras. (www.movi)



CONCELLO DE TORDOIA

Neste concello podemos atopar o dolmen de Cabaleiros, un dos monumentos megalíticos mellor conservados en Galicia. Foi declarado monumento artístico en 1975 e é propiedade da Deputación da Coruña. Datado no terceiro milenio antes de Cristo, consta de seis lousas levemente inclinadas, que forman a cámara e unha sétima que serve de cuberta. Popularmente tamén é coñecido como “Casa da Moura”, xa que hai unha lenda que conta a historia dunha vella meiga, a Moura, que moveu unha pedra de 4,60 metros de longo sobre a súa cabeza, mentres tecía, e colocouna sobre as outras seis, facendo así un tellado. (www.tor...)



Yaiza Gómez Liñares
Natalia Noya Corbelle
3ºD

ENTREVISTA A JOSÉ MIRA SANJURJO.

Ola, estamos aquí con un home chamado Jesús Mira Sanjurjo e co que imos falar sobre o seu serradoiro, o seu bar e tamén sobre unha das súas afeccións, a caza. Imos comezar falando sobre o serradoiro:

Ola Xesús. Pódeme dicir canto tempo leva vostede sendo carpinteiro?

Eu levo sendo carpinteiro aproximadamente 45 anos.

De todo ese tempo. Canto hai que traballa neste serradoiro?

Uns 32 anos.

Pódeme dicir que fai a máquina A?

Nesta máquina entra a madeira conforme vén do monte e aquí quítase o ancho desexado.

Pódeme dicir o mesmo das máquinas B, C, D?

Da máquina A pasa á máquina B onde se quita a madeira co gordo desexado e logo segue á máquina C onde se deixa

co longo que se precisa, e na máquina D é onde se empaqueta.

Ten alguén que lle veña botar una man?

De cando en vez axúdame Toni.

Ten algún parentesco con vostede?

Si, é o meu fillo.

Leva moito tempo axudándolle?

Sobre uns 20 anos.

Traballades sempre no serradoiro?

Non, tamén cortamos madeira no monte.

Que automóbil empregades para irdes aló?

Un tractor con grúa que se utiliza para carrexar madeira.

Que maquinaria levades?

Unha motoserra e o tractor.

Hai clientes?

Si, en abundancia.

Cres que Folgoso é un bo lugar para ter esta empresa?

Si, porque estamos rodeados de monte e temos moita materia prima.

Cales son as árbores que máis cortades?

Sobre todo carballo, pino e eucalipto.

É entretido este traballo?

Si, é moi entretido.

É duro?

Si, porque require bastante esforzo físico.

Agora imos falar sobre o bar e sobre a súa afección, a caza:



MÁQUINA A:

Vostede ten tamén un bar. Quen lle axuda a levalo?

Tamén temos un bar que o leva a miña muller.

Cando é o día que máis xente vén?

Os domingos.

A que hora o fai?

Ó mediodía.

A xente quédase a comer aquí?

Si, é habitual dar comida, sobre todo na temporada de caza, aos cazadores.

Os cazadores tamén veñen aquí cando fan ceas?

Si, tamén preparamos ceas de caza pero só por encarga.

É fácil levar estes dous traballos de forma simultánea?

Ás veces tes que quitarlle tempo a un para dedicarllo ao outro pero en xeral lévase ben.

Ten algún hobby?

Si, gústame ir de caza.

Que día da semana vai e a que hora?

Os domingos e festivos da tempada, saíndo da casa moi cedo.

Tivo algún contratempo sendo cazador?

Si, hai moitos anos tiveron un accidente. Pódeme dicir que é o mellor de cada cousa citada?

Gústame traballar a madeira xa que levo nisto toda a vida, atender o bar pois estou en contacto coa xente e ir de caza porque me axuda a estar en forma.

Moitas grazas pola súa colaboración, amabilidade e polas súas respostas.

Adrián Mira Fernández, 3ºB.

MÁQUINA B:



MÁQUINA C:



MÁQUINA D:



MOLESTIAS OCASIONADAS POR SOGAMA



O parlamento galego acordou por maioría dos tres grupos políticos “demandar do Ministerio de Fomento que acometa coa maior brevidade posible e na presente lexislatura do 2008-2012 a circunvalación de Ordes”. A Xunta e o Concello deben estudar as posibles alternativas provisionais ao percorrido dos camións que, pasando polo centro da vila, trasladan o lixo a SOGAMA.

A deputada nacionalista Ana Pontón recordou no debate parlamentario a consignación de máis dun millón de euros para a circunvalación no presuposto do Estado.

“O PP FOI QUEN O DECIDIU”

A deputada nacionalista sinalou o PP como responsable, pois quen “decidiu que os camións do lixo de SOGAMA pasasen por Ordes, sen falar cos veciños nin coa oposición, foi o anterior goberno do PP”.

A OPINIÓN DE GONZALO CASTRO AO RESPECTO.

El propón que os camións procedentes da autoestrada accedan a Cerceda desde Ledoño, evitando desta maneira o paso pola centro da vila de Ordes.

OS GRUPOS
POLÍTICOS APOIAN
POR MAIORIA A
MEDIDA IMPULSADA
POLO BNG CON 3.000
FIRMAS CIDADÁS.

A proposta de desvío de tráfico dos camións de SOGAMA do centro de Ordes alcanzou a esperada aprobación no pleno do Concello. Despois de comezar unha campaña que obtivo 3.000 firmas dos veciños de Ordes, o BNG acadaba o seu propósito por maioría, o desvío dos camións de SOGAMA que colapsaban o centro da vila de Ordes, ocasionando problemas de hixiene e salubridade pública.



A proposta aprobada do BNG é que o Concello debe recorrer ao Ministerio de Fomento na seguinte lexislatura, procurando unha circunvalación para Ordes que permita a eliminación definitiva do tráfico pesado.

Fonte de información: La voz de galicia- hemeroteca.

Tamara Leobalde Raña
Alba Pena Castro
3º B



SOGAMA: UN PROBLEMA QUE NOS AFECTA A TODOS

EN ORDES OS CAMIÓN S DE LIXO
DE SOGAMA PASAN A ESGALLA E
OS CI DADÁ NS ESTÁN
DESCONTENTOS COS ATASCOS
QUE PROVOCAN
E COS CHEIROS QUE DEIXAN Ó
SEU PASO.

• Exposición dos problemas con
SOGAMA e posibles solución s a estes:

O BNG de Ordes presentou na
campañ a informativa “non por diante
dos nosos narices”, que ten por
obxectivo reivindicar que se desvíe o
tráfico dos camión s de Sogama para
evitar o seu paso diario polo
municipio, coas consecuentes
molestias ocasionadas aos veciños. [
Apartado 1, (<http://www.lavoz...>),
interesa porque di en que consiste a
campañ a do BNG].



Máis de 2.500
veciños de Ordes
expresaron a
través da súa
firma, o apoio a
esta campañ a municipal do BNG,
emprendida o pasado 28 de setembro,
para esixir que o tránsito dos camión s
de Sogama se desvíe do centro urbano.
Para o voceiro nacionalista no
Concello, Gonzalo Castro, a marcha da
campañ a supón un éxito rotundo da

cidadanía de Ordes, que ten
demostrado un grande activismo na
defensa dos intereses do seu concello
diante dun problema de enorme
envergadura. Gonzalo Castro tamén
avanzou que o BNG de Ordes
solicitou un encontro co presidente de
Sogama para trasladarlle a
reivindicación veciñal e negociar una
solución definitiva ó problema de
tráfico que causan os camión s á
sociedade no centro urbano da
localidade. [Apartado 2,
(<http://www.lavoz...>), interesa porque
di cantas sinaturas apoian a proposta
do BNG].

O principal problema radica nos
malos cheiros e as condicións
hixiénicas que deixan as verteduras
dos camión s de lixo ao seu paso polas
rúas. Por esa razón, o grupo
nacionalista ordense propón dúas
alternativas. A primeira delas
contempla reforzar o transporte de
residuos por ferrocarril. Para o
transporte por estrada, o mesmo grupo
propón que os vehículos sigan
circulando pola AP-9, sen tomar o
desvío de Ordes, e facer uso do novo
viario que une as localidades de
Ledoño e Cerceda, onde se atopa a
planta de tratamentos residuais. Ata
o momento, o paso dos camión s pola
localidade era irreversible sendo a
nacional 550 unha das estradas máis
utilizadas para trasladar o lixo, ao non

existir outra opción de circulación para acceder á planta de Sogama. Con todo,



Sogama e á Consellería de Medio Ambiente.

Os camións de lixo de Sogama

desde a recente apertura da estrada comprendida entre o citado polígono industrial e as instalacións da estación de incineración, os vehículos poden continuar desde a AP-9 ata a A-6 e, unha vez alí, tomar o novo viario.

O portavoz nacionalista Gonzalo Castro afirmou na presentación que «a campaña quere ser o reflexo das propostas non só do BNG, senón tamén dos veciños». Por ese motivo, a agrupación nacionalista ordense programará unha serie de reunións veciñais para informar a cidadanía da situación actual do tránsito dos camións e as alternativas que se ofrecen para o seu desvío.

O Bloque tamén procederá á recollida das sinaturas veciñais que avalen a proposta ou ofrezan outras alternativas paralelas. «A idea é facer disto un proceso aberto». Por iso, as iniciativas someteranse ao referendo popular antes de seren levadas a ningún acordo plenario.

A agrupación ordense atópase xustamente no paso previo, xa que un proceso dese tipo non só implicaría ao Concello, senón tamén á propia

incrementaron o seu tránsito debido ao aumento do número dos termos municipais cuxos residuos son tratados na planta situada en Cerceda.

Este problema complicouse debido a que o Concello de Santiago acordou en 2005 enviar os seus residuos á planta de Cerceda, o que multiplicou o número de camións cargados con colectores de lixo que deberán pasar polo centro urbano. [Apartado 1, (<http://www.lavoz...>), interesa porque especifica en que consiste a campaña do BNG].

¿Cantos camións se necesitarán para transportar os refugallos dunha cidade de cen mil habitantes? Non sei, pero moitos, e todos pasarán por Ordes. Máis lixo, máis camións, máis tráfico, máis cheirumes, máis contaminación... E o pobo de Ordes terá que fastidiarse. Non temos ningún beneficio.

O representante do PSdeG-PSOE de Ordes dixo que se os camións teñen que esperar para atravesar a nosa vila, pois que esperen, que primeiro somos nós e os nosos negocios, e senón que solucionaran o problema do tráfico e da circunvalación antes de traer os

camións de Sogama porque todo isto empezou cando a Xunta de Galicia fixo a incineradora e o que chamamos empacadora, que non é tal senón uns vertedoiros comúns e correntes de lixo nos que non se recicla nada e nos que só se acumula o lixo (do que hai que falar moito, pero outro día), e non se decatou de que en toda esta trama íase prexudicar o pobo de Ordes tanto polo aumento do tráfico dos camións do lixo como polo cheirume e a contaminación que están a aguantar os veciños de Leira, Lesta e Ardemil.

O Concello de Ordes tampouco se decatou, e non esixiu naquel momento a estrada de circunvalación. Como sempre o noso anterior alcalde, Martino, non intuía o aumento de tráfico que nos viña enriba. Nin Martino nin o Goberno de Madrid do PP. [<http://www2.psoe...>], [interesa porque dá información sobre o problema a tratar e opina deste](#)].

• Sogama rexeita a alternativa do BNG ó tráfico de camións por Ordes:

A sociedade firmou un convenio co Concello para contribuír ó desenrolo sostíbel e buscar solución ó problema, a pesar de que aínda non fixera público ningún proxecto. Consideran que a proposta nacionalista ten "falta de rigor". O presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama),

Xosé Álvarez Díaz, asegurou que pese a "estar dispostos a estudar todas as alternativas que se propoñan para eliminar o tráfico de camións da entidade polo centro de Ordes", estas deben basearse "no rigor"; rigor que ó seu parecer falta á proposta xa feita pública polo BNG de desviar o tráfico pesado pola A-6 até o hai pouco inaugurado vieiro entre Ledoño e Cerceda, que remata precisamente xunto á planta de Sogama. Segundo indicou Xosé Álvarez, a proposta que defende o Bloque, e para a que está recollendo xa firmas de apoio dos veciños, supón "incrementar as emisións de CO₂ á atmosfera en 1.400 toneladas" e obriga ós camións "a recorrer en conxunto ao ano 2.700.000 quilómetros máis", ademais dun custe anual para Sogama de 2.442.091 €. Por estas razóns, a firma entende que materializar a proposta provocaría un prexuízo ambiental que impediría un desenvolvemento sostíbel dende o punto de vista ambiental, social e económico. [<http://www.elcorreo...>], [interesa porque relata por que Sogama non acepta a proposta do BNG](#)].

A isto o portavoz nacionalista, Gonzalo Castro, contesta que «ao custe económico hai que contraponer o beneficio social».



[Apartado 3 (<http://www.lavoz...>), interesa porque relata como defende o BNG a súa proposta contra as probas que aporta Sogama]. E Xosé Álvarez conclúe dicindo: " Sogama ten que mirar pola sostibilidade de todos, non pode solucionar un problema a Ordes de maneira que dane a outros", concluíu Xosé Álvarez.

O presidente de Sogama realizou estas declaracións no marco da firma dun convenio entre a entidade adscrita á Consellería de Medio Ambiente, que dirixe o socialista Manuel Vázquez, e o Concello de Ordes, representado polo alcalde, Manuel Regos e o concelleiro de Medio Ambiente, Xesús Pedreira. O rexedor ordense asegurou que neste sentido existe xa un proxecto municipal, pero non avanzou o seu contido nin estableceu prazos para a súa execución. Regos asegurou que se está estudando a viabilidade desta alternativa, e que será presentada no seu momento. Pola súa parte, o presidente de Sogama aludiu á circunvalación como unha posibilidade para solucionar a medio prazo o citado problema.



[(<http://www.elcorreo...>), interesa porque fala do convenio establecido entre Sogama e o Concello ordense]. De momento Ordes terá que seguir soportando o tráfico de máis dun centenar de camións do lixo que, diariamente, atravesan o centro urbano en dirección a Sogama. A cambio, recibirá este ano 105.000 euros para compensar este impacto ambiental, pois a alternativa que expón o Bloque Nacionalista Galego (BNG) é máis contaminante e cara.

Así se puxo de manifesto no transcurso da firma do convenio entre Sogama e o Concello de Ordes polo que a empresa de tratamento dos lixos achegará 105.000 euros para afrontar varias actividades de compostaxe, reciclaxe e educación. Aínda así, no convenio subscrito entre o alcalde Manuel Regos Fenda e o presidente de Sogama, Xosé Álvarez Díaz, prevese o «estudo conxunto de alternativas viables dende o punto de vista técnico, económico, social e ambiental para a circulación de camións de Sogama polo centro urbano da localidade». Entre as actividades a desenvolver atópase a

implantación dun programa de compostaxe doméstica no ámbito rural, a reciclaxe dos residuos procedentes do sector comercial, substitución das bolsas de plástico por outras de papel ou tea e programas de educación, concienciación e sensibilización ambiental. O alcalde, Manuel Regos, mostrou a súa satisfacción tras a firma do convenio, mentres que o presidente de Sogama, Xosé Álvarez, xustificouno por razóns de veciñanza matizando que este acordo «é mellorable para o ano». O gran obxectivo é que o concello de Ordes sexa sostible, para o que Sogama tamén asesorará no acceso ás axudas públicas para o desenvolvemento local e urbano sostibles. [Apartado 4, (<http://www.lavoz...>), interesa porque dá máis información sobre o convenio entre Sogama e o Concello de Ordes].

• Un suceso que amosa o perigo do paso dos camiións por Ordes: envorca un camiión de SOGAMA.

O condutor dun camiión sufriu feridas leves ao envorcar o vehículo que conducía no termo municipal de Ordes. O accidente produciuse o 24 de marzo de 2005 sobre as 13:15 horas cando, por causas que se descoñecen, o



camión cargado con lixo que se dirixía á planta incineradora de Sogama sufriu un aparatoso envorco na pista que une Leira con Meirama, no municipio ordense.

O lixo que transportaba o vehículo industrial quedou espaxado pola vía e ao lugar desprazouse unha unidade da Garda Civil de Tráfico da Coruña co fin de sinalizar a zona. Tamén se requiriu a presenza dos bombeiros de Ordes aínda que estes non chegaron a intervir, xa que o condutor puido abandonar sen problemas o camiión para ser atendido polos servizos de urxencia locais. [Apartado 5, (<http://www.lavoz...>), interesa porque fala do accidente dun camiión de Sogama].

• Aprobada a moción do BNG para o desvío dos camiións de Sogama.

O pleno da Corporación municipal de Ordes celebrado o 25 de febreiro aprobou por unanimidade a moción do BNG que recollía a proposta da campaña para o desvío do tráfico de camiións de SOGAMA pola vila de Ordes, que conta co respaldo de perto de 3.000 sinaturas de veciños de Ordes.

Para o BNG de Ordes, a campaña para o desvío do tráfico de camiións

de SOGAMA supón un éxito rotundo dos veciños que teñen demostrado un grande activismo na defensa dos intereses do seu concello diante dun problema de enorme envergadura como é o paso continuo dos camións do lixo de SOGAMA polo centro da vila, o que está ocasionando graves problemas de hixiene e salubridade pública. [Apartado 6, (Xornal do BNG), interesa porque fala do que Sogama aprobou co BNG].

•O BNG consegue un aumento de 300.000 € na partida orzamentaria da circunvalación de Ordes para o ano 2008.

Dentro das negociacións dos Orzamentos Xerais do Estado levadas a cabo entre Francisco Rodríguez, portavoz do BNG no Congreso dos Deputados, e o goberno central tense acordado aumentar a cantide prevista para a circunvalación de Ordes, dos 50.000 €, que contemplaba inicialmente o proxecto de Orzamentos Xerais de Estado para o 2008, a 350.000 €.

Así mesmo, o portavoz do BNG no Congreso, Francisco Rodríguez, ten conseguido o compromiso expreso do Goberno Central para que a cantidade acordada se execute e se invista na súa totalidade. O BNG de Ordes considera moi satisfactorio o acordo acadado

entre o BNG e o Goberno Central que permite aumentar significativamente a partida inicialmente destinada por este á circunvalación de Ordes que era de só 50.000 €.

Este aumento da partida para o 2008 até 350.000 € unido a 1.050.000 conseguidos polo BNG nas negociacións dos Orzamentos para o presente exercicio 2007, e a outros 300.000 conseguidos para o 2006, completa na súa totalidade a consignación prevista para o estudo informativo e o proxecto da circunvalación. [Apartado 6, (Xornal do BNG), interesa porque fala do aumento que conseguiu o BNG con respecto a Sogama].

BIBLIOGRAFÍA: Buscamos a información en google introducido: sogama+ordes, sogama+bng, sogama+camións+ordes ou hemeroteca la voz de galicia e unha vez na páxina introducimos as claves anteriores.

http://www.lavozdegalicia.es/SSEE/print.jsp?idContenido=0003_6183813&idSeccion=75C38FF20A80B198009B697651EFF72F

http://www.lavozdegalicia.es/santiago/2007/12/02/0003_6368983.htm

http://www.lavozdegalicia.es/SSEE/print.jsp?idContenido=0003_6217428&idSeccion=75C38FF20A80B198009B697651EFF72F&idioma=galego

http://www.lavozdegalicia.es/santiago/2007/10/11/0003_6217427.htm?idioma=galego

<http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2005/03/24/3576742.shtml?idioma=galego>

<http://www.elcorreogallego.es/index.php?idEdicion=666&idMenu=4&idNoticia=218814>

http://www2.psoedeordes.com/ver_opinion.php?id=64&idlista=120

Libros consultados:

Xornal do BNG en www.bng-galiza.org



**A CENTRAL DE
MEIRAMA SEMPRE DEU
QUE FALAR
POLOS DISTINTOS
PROBLEMAS QUE
CAUSABA:
UN PROBLEMA
CONTINUO.**

A central de Meirama tivo moitos problemas dende a súa aparición, que pretendía mediante a combustión de lignito, fabricar enerxía para unha parte de Galicia.

Aos veciños dunha pequena aldea de Cerceda, situada no noroeste de Galicia e ás aldeas dos concellos de Ordes e Carral, non lles gustou nada a idea de aguantar unha central térmica a carón das súas casas. Tiveron diversos altercados coa autoridade, nos que os veciños con ferramentas de traballo foron atacar os gardas, isto ocorre no comezo da construción deste foco de contaminación. Pero a fin e o cabo despois de discusións cos gardas, acabaron asimilándoa. Xa que isto beneficiábaos, dándolles traballo aos seus fillos e demais familiares e así podían traer pan a casa, porque

naquela época, era algo difícil de conseguir.


Uns anos máis tarde, despois dun tempo de tranquilidade para os directivos de Unión Fenosa, xa que así é o nome da empresa, os problemas reaparecen. A xente das aldeas próximas queixábanse da sucidade que provocaba a cheminea e os camións que pasaban todos os días por diante das súas vivendas e foron protestar. Dixéronlle a Unión Fenosa que as súas casas manchábanse continuamente de carbón e un po branco, maiormente as ventás e todo o que está á intemperie, que non podían deixar a secar roupa fóra porque se lle volvía manchar e outras cousas máis. Os encargados da central, ofrecéronlles aos habitantes de dita aldea que se non denunciaban nada, regalábanlles secadoras e lavadoras para solucionarlles o problema da roupa. Tamén lles ofreceron a limpeza das súas casas por fóra, cada dúas semanas. Para min iso é compralos con agasallos, pero serviulles para calarlles a boca durante un tempo. Iso só era para os veciños do concello de Cerceda, pero para os dos concellos limítrofes que sufrían os mesmos problemas, non había eses agasallos.

Despois, cando xa parecía que se tranquilizaran as cousas, os habitantes

dunha aldea chamada A Lousa volveron á acción. En desacordo con todo iso forman unha asociación nomeada como 'A outra Cerceda', para mellorar as condicións respecto á central. "A outra Cerceda" esixen que xa que nos últimos anos a cheminea desprende un po branco pola noite, Unión Fenosa debe mercar as súas vivendas. Alegan algúns veciños que as verduras e as augas contaminadas eran a súa forma de vida. Tamén mencionan o aumento de cancro e de tumores nesta zona, o que non é unha casualidade pois un laboratorio demostrou que estaba relacionado co citado po branco. Por iso os de A Lousa esixían a negociación dunha indemnización por vérense forzados a abandonaren as súas terras.



Finalizando, isto é unha construción que beneficia a uns e prexudica a outros, pero ó final prexudícanos a todos no quecemento da Terra causado pola contaminación desta central e outras.



Fátima E.
Louro
Bouzas, 3º
B.

Commemoración no noso instituto do día internacional da SIDA



Obradoiro de pintura rupestre



A ENERXÍA SOLAR

Patricia Rodríguez Dafonte 3º C
Santiago Moar Sánchez 3º C




Falamos con Xesús Coucelo Raña sobre a enerxía solar. Tivemos o pracer de asistir a unha charla que protagonizou un dos maiores empresarios no ámbito da enerxía solar. El non se negou a facer esta entrevista, senón que nos recibiu cos brazos abertos xa que lle gusta moito charlar sobre este tema cos mozos de hoxe en día. Nesta entrevista falaremos sobre as placas solares e o seu funcionamento, sobre os tubos de baleiro e o rendemento desta enerxía en Galicia. Xa que o uso das enerxías renovables é cada vez máis alto e, ao non contaminar, son moi útiles e non danan o medio ambiente.

Que se entende por enerxía solar?

O Sol é unha fonte inesgotable de enerxía. É limpa, non necesita mantemento xa que temos sol todos os días e é gratis.

Que o motivou a estudar ou aprender cousas sobre ela?

O encarecemento dos derivados do petróleo e outras fontes de calor que cada vez son máis caras e consumimos máis fainos pensar en que se



seguimos así, cargamos a atmosfera. Iso fíxome reflexionar que temos ese gran recurso: o Sol.

Que opina sobre a nova normativa que obriga a instalar placas solares?

Dende finais do 97 exactamente é obrigatorio, un 30% de cobertura con enerxías alternativas (nos novos edificios), o que xa tería que estar feito con anterioridade pero non obstante temos que pensar que podemos chegar dun 30% ó 90% segundo utilicemos calefacción ou auga quente.

Ademais das placas solares que outros sistemas serven para conseguir aforro enerxético?

A través das outras enerxías renovables:

- Enerxía eólica: a través da forza do vento
- Enerxía hidráulica: a través de saltos de auga e a forza das olas.
- Enerxía xeotérmica: a través de perforacións aproveitando a calor da terra.
- Biomasa: a través da queima de materia orgánica.

Cantos tipos de placas solares hai?

Dentro das placas solares hai dous grupos:

- Térmicas : serven para auga quente

Tipos: Planas, tubos de baleiro e fotovoltaica, serve para a electricidade.

Cales son as que máis se venden e por que?

Cara a domicilios, as placas térmicas, para auga quente, polo prezo: son mais baratas que os tubos de baleiro, estes teñen maior rendemento pero son máis caros.

Que rendemento sacan na comunidade galega ao longo do ano?

As placas térmicas son unhas das máis beneficiosas, sobre todo para auga quente, que pode chegar dun 30% ó 90% de rendemento segundo a utilidade que lle damos e a maneira en que se instalan.

Hai moitos fogares que xa as teñan?

Desgraciadamente poucos, pero existe unha gran preocupación e estase a notar de ano a ano que hai un notable aumento.

Canto poderían custar?

O custe para auga quente de seis persoas necesitaríamos dúas placas térmicas cun depósito de 300 litros e cos seus correspondentes accesorios; oscila dende 2.500 € a 5.000

€. Con isto en auga quente estase chegando aquí dun 70% ó 90% anual.

No futuro co maior uso das enerxías renovables, serán máis baratas?

Pode producirse unha pequena baixada de prezos debido ao aumento do consumo. Entón a fabricación é máis doada, pero co encarecemento da vida cotiá non se notará a diferenza.

Como é o seu funcionamento?

Captan os raios solares nunha especie de invernadoiro que leva dentro un serpentín de tubos cunhas platinas soldadas a eles que lle transmiten esa calor á auga. E de aí vai a un depósito, ben por mediación da gravidade (se poñemos o depósito máis alto que os paneis non fará falta un motor), ben por medio dunha bomba que fai circular a auga.

Teñen algún inconveniente?

Cando hai pouca luz solar, polo inverno, case non traballan.



De que materiais están feitas?

As térmicas planas:

- Un armazón
- Un illante (arredor do armazón)
- La de rocha (para soportar altas temperaturas)
- Tubos de cobre
- Platinas (soldadas aos tubos de cobre)
- Un cristal
- Embelecador (o armazón de aluminio)
- Fondo (para soportar estes pesos)

Tubos de baleiro:

- Cristal redondo cunha cámara de aire e outro tubo de cobre no seu interior cheo dun líquido que transmite a calor a un tubo de auga co que conecta na parte máis alta.

Que mantemento necesitan?

Moi pouco. Unha revisión cada dous anos dos anticonxelantes e unha limpeza dos cristais, debido á sucidade acumulada que baixaría o rendemento.

Canto tempo poden durar?

Estímase que vinte anos ou máis.

Cantas horas necesitan para quentar o tanque de auga dunha vivenda unifamiliar?

Un día con cinco ou seis horas de sol, dúas placas de 65 m² poden quentar 300 litros a 60° C .

Que raios aproveita do sol?

Varía moito segundo os fabricantes. Xeralmente aproveitan moitos, un 90% máis ou menos.

Pódense utilizar para algo máis que para electricidade e calefacción?

Teñen moitas utilidades. Por exemplo:

- Auga quente.
- Axuda á calefacción.
- Axuda á climatización.

E estase avanzando moito en bombas de absorción para producir frío coa calor das placas e moitas máis.

Canto tempo de amortización teñen?

Varían moito. Canto máis consumo, máis amortiza. Está sobre os cinco anos, pero os gobernos están dando unhas grandes axudas sobre o 30%.

Foi un pracer acudir ó seu lugar de traballo e poder ver a grande instalación de placas solares que eles montaron no seu propio recinto.



FENOSA INVERTIRÁ 1'3 MILLÓNS EN ORDES PARA SOLUCIONAR DUNHA VEZ OS CORTES DE LUZ



O Concello de Ordes acaba de conseguir o compromiso da Unión FENOSA de investir 1'3 millóns de euros nos próximos dous anos para solucionar o problema dos continuos cortes de luz. Así se desvelou o 4 de xaneiro no transcurso dunha reunión do equipo do Goberno con directivos da empresa eléctrica madrileña. Segundo o alcalde, Manuel Regos, que dixo que se comprometeron a que a

subestación de Sigüeiro entrará en servizo a finais de xaneiro e, xunto á incorporación de cinco novas liñas de media tensión, acabaranse definitivamente os problemas de subministro eléctrico aos veciños da vila e do polígono industrial.

Os representantes da empresa eléctrica confirmaron un investimento de 1.357.000 euros nos traballos de mantemento e mellora do subministro eléctrico en Ordes durante os dous próximos anos, feito que, segundo o alcalde, demostra a boa disposición da compañía eléctrica para acometer unha serie de importantes actuacións en Ordes.

Para comezar, a finais de xaneiro entrará en funcionamento a subestación de Sigüeiro e durante o primeiro trimestre incorporarán cinco novas liñas de media tensión a esta subestación, o que mellorará en gran medida, e a curto prazo, a calidade do servizo eléctrico en todo o municipio, fundamentalmente na vila ordense e

no polígono industrial, segundo o concelleiro de Obras, Roberto González.

Tamén durante o próximo ano construíranse tres liñas de media tensión, tres centros de transformacións e tres redes de baixa tensión nos lugares de Vilar de

Ceidón (Ordes), A Regueira (Beán) e o Carballo (Pereira), o que beneficiará directamente aos veciños destas zonas. Así mesmo, as actuacións de Unión Fenosa no mantemento da rede elevaranse a 152.000 euros.

Para o 2009 está prevista unha inversión de 426.000 euros na posta en marcha de nove liñas de media tensión, nove centros de transformación e nove redes de baixa tensión en varios lugares do municipio, entre eles Fraga da Galiña e Darefe (Ordes), Villasenín II, Menlle e Castro (Leira), O Pazo e Currucheiros (Ardemil), Costa, Vixide e Piñeiros (Montaos), Piñeiro (Poulo) e Vilariño (Buscás).

Durante o exercicio do 2009, a eléctrica tamén investirá outros 150.000 euros en actuacións de mantemento das dúas instalacións no termo municipal de Ordes, sempre segundo os datos facilitados polos directivos da empresa eléctrica.



O Concello estima que con estas actuacións Unión Fenosa satisfai as demandas presentadas, con manifesto de protesta incluído, que desembocaron nesta reunión.

UN FALLO NA SUBESTACIÓN DE MEIRAMA FOI A CAUSA DOS CORTES DE LUZ

Os cortes da subministración eléctrica rexistrada durante os meses de novembro e decembro de 2007 en Ordes debéronse ó fallo intermitente dun relé de protección na subestación de Meirama, unha avaría que os directivos de Fenosa cualificaron como moi pouco frecuente e de difícil localización.

O 4 de decembro substituíuse a citada peza e solucionáronse os problemas orixinados aos veciños e empresas, polo que os directivos da eléctrica pediron desculpas. De feito, neste mesmo mes técnicos de mantemento da eléctrica revisaron exhaustivamente as instalacións que conforman a infraestrutura en Ordes e substituíron, de maneira preventiva, elementos mecánicos e eléctricos que puideran

afectar á continuidade do subministro. Os directivos



da empresa eléctrica
fixeron saber ao
equipo do goberno o
seu ánimo de
colaboración co
Concello.



árbores que tocaban coa
liña. Aínda así, a pasada
noite do 18 de abril,
marchou a luz durante
aproximadamente dúas
horas, e ás veces hai cortes
de luz que duran pouco.

ESTÁN A CUMPRIR AS SÚAS
PALABRAS DESPOIS DUNS
MESES?

De momento, Roberto González está a
revisar persoalmente as liñas da luz,
aldea por aldea, como fixo por
exemplo o pasado luns, 14 de abril.
Tamén enviou a varios traballadores
para que limpasen as pólas das

Polo momento non nos podemos
queixar moito. Esperemos que
cumpran co seu traballo polo ben de
todos e que non suceda o típico, ao
principio moita promesa para
esquecer ao cabo do tempo o que
dixeron.

Laura Darriba Barreiro. 3ºB.



INCENDIOS FORESTAIS EN ORDES

por Pablo Meijide Santos

●Definición de incendio forestal: É un tipo de incendio caracterizado por producirse e desenvolverse principalmente en zonas naturais con abundante vexetación.

(<http://www.Incendiosforestales.org/>)

●Cruce de datos: 1.970 incendios forestais (37 deles grandes) arrasaron Galicia, sobre todo Pontevedra e A Coruña, dende o 3 ao 15 de agosto do 2006. O número de hectáreas queimadas varía segundo a fonte consultada: 77.000 (Xunta de Galicia), 86.033 (Ministerio de Medio Ambiente), 86.232 (Centro Europeo de información forestal), 88.000 (Comisión Europea) , 92.058 (CSIC), 175.000 (PP). Catro persoas morreron e unha resultou moi grave. ([/Incendios forestales de Galicia de 2006-Wikipedia](#))

●Galicia: pasto do lume: Segundo Greenpeace, Galicia encabeza ano tras ano o número de incendios en España (en torno ó 50% do total).

Galicia é unha das rexións europeas con maior densidade de masa forestal, o que unido a circunstancias climatolóxicas especiais (cando nalgúns veráns hai varias

semanas calorosas seguidas, con tempo seco e ventos moderados ou fortes), favorece a expansión dos incendios en caso de que empecen. O inicio dun incendio pode deberse a descoidos por queimar materiais ó aire libre, a causas fortuítas ou a actividades intencionadas de pirómanos ou outras persoas. Se non se sufoca rapidamente esténdese con rapidez coa axuda do vento provocando novos incendios. As solucións evidentes, propostas por todos os expertos no tema, inclúen as tarefas de prevención (limpeza e orde dos bosques) e a resposta rápida e ben organizada dos traballos de extinción. ([/Incendios forestales de Galicia de 2006-Wikipedia](#))

●Axudas e medios: Galicia recibiu axuda internacional de países como Portugal, Italia, Francia e Marrocos. Tamén recibiu axuda doutras comunidades autónomas como a comunidade de Madrid, a cidade de Málaga, Asturias cos bombeiros do principado de Asturias, Comunidade Valenciana enviando os seus avións de carga en terra, entre outras, que enviaron continxentes de



bombeiros e brigadas forestais. ([Incendios forestales de Galicia de 2006-Wikipedia](#))

O Ministerio de medio ambiente para esta emerxencia mobilizou todos os seus efectivos, coa participación de todas as BRIF durante o período de máxima incidencia dos incendios, estando dende o primeiro día, ata o último. ([Incendios forestales de Galicia de 2006-Wikipedia](#))

●Outros prexuízos: Nesta gran xeira de incendios chegou a haber momentos con máis dun cento de focos activos na comunidade, e sobre cento sesenta se contabilizados tamén os controlados.

Os lugares máis castigados por estes incendios estaban en zonas onde había vivendas cerca de bosques densos. Segundo enquisas ou moitas outras fontes, a maioría da poboación galega non recordaba ningunha vaga de incendios tan impresionante, xa que chegou a acurralar moitas localidades incluso dificultando a respiración. ([Incendios forestales de Galicia de 2006- Wikipedia](#))

●Perdas económicas e afectados do fume:



–A xunta de Galicia cifra en 99 millóns de euros as perdas causadas polo lume.

–En canto ós efectos do fume hai que dicir que chegaron a provocar perdas humanas, como no caso de dúas das catro vítimas mortais que morreron asfixiadas no seu coche. O fume, incluso chegou a nubrar grandes cidades turísticas como Santiago de Compostela, Vigo ou Vilagarcía de Arousa, provocando que algúns turistas marcharan da comunidade a causa disto. Algunhas persoas con dificultades respiratorias precisaron de máscaras para poderen andar pola vía urbana, xa que, por exemplo nas cidades anteriormente mencionadas o fume non quedou tan só no ceo, tamén chegou ás rúas. ([Incendios forestales de Galicia de 2006-Wikipedia](#))

●Causas dos incendios forestais: Se ben as causas dos incendios poden ser moi variadas, en todos danse os mesmos presupostos, isto é, a existencia de grandes masas de vexetación en concorrencia con períodos máis ou menos prolongados de seca. (<http://www.incendiosforestales.org/>) Dadas estas características, Ordes é un lugar case ideal para que se desencadee un incendio forestal.



A Xunta obrigará ó Concello a conseguir maior colaboración doutros municipios próximos para facer fronte a calquera sinistro forestal. En canto ás estatísticas municipais de agosto do 2006 con respecto ao ano 2005, en Ordes, con 157 quilómetros cadrados, o 60% do monte foi pasto do lume, con 33 incendios rexistrados. (www.ELCORREOGALLEGO.es) En total, Ordes perdeu 220 hectáreas de monte, na súa maior parte árbores de máis de dez anos. (www.Eordes.com).

Existen incendios forestais producidos por causas naturais, como a caída de raios, pero, a orixe da gran maioría deles, débese á acción do home. Sexa por imprudencias, sexa de forma intencionada, o ser humano é causa directa ou indirecta de máis do 90% dos incendios que se producen no mundo

(<http://www.incendiosforestales.org/>), un exemplo son os incendios de Ordes. Para que fora por culpa dunha chispa inoportuna, tería que haber unha humidade inferior ao 30%, xa que a este nivel as plantas non son capaces de obter auga do solo, co que se van secando pouco a pouco. Este proceso provoca a emisión á atmosfera de etileno, un composto químico presente na vexetación e altamente combustible. Ten lugar entón un dobre fenómeno: tanto as plantas como o aire que as rodea vólvense

altamente inflamables (<http://www.incendiosforestales.org/>).



•Piromanía

Os pirómanos, normalmente, teñen unhas características en común ([Informe da Garda Civil sobre os incendios de Galicia no 2006](#)):



–Sexo: Os homes son os que provocan a gran maioría dos incendios causados intencionadamente. Os pirómanos arrestados no ano 2006 por causar incendios en Galicia foron 58 mulleres e 472 homes.

–Nacionalidade: Todos os pirómanos que queimaron bosques en Galicia, son españois agás seis persoas.

–Idade: Entre 20 e 55 anos.

–Antecedentes policiais: Perfís imprudentes, incendiarios e pirómanos.

•Bibliografía:

<http://www.incendiosforestales.org/>(Google)

-Incendios forestales de Galicia de agosto de 2006(Google)

-Informe da Garda Civil dos incendios de Galicia no 2006(Google)

-www.ELCORREOGALLEGO.es(Google)

-www.Eordes.com(Google)

INFORME EUROPEO DO MEDIO AMBIENTE.

Unha axencia europea elaborou outro informe de medio ambiente, España empeorou dende o ano 1994 na cantidade de residuos e insecticidas.

| Problemas medioambientais | Evolución política | Evolución do estado do medioambiente |
|---------------------------|--------------------|--------------------------------------|
| Cambio climático | +/- | - |
| Esgotamento de ozono | + | - |
| Acidificación | + | +/- |
| Ozono troposférico | +/- | - |
| Produtos químicos | +/- | +/- |
| Residuos | - | - |
| Biodiversidade | +/- | - |
| Degradación do solo | - | - |

Os españois dende o ano 1992 empeoraron, Galicia é o maior produtor de chuvia ácida co 33% producido en toda España do dióxido de xofre, Noia leva a peor parte nisto por ser o lugar con maior acidez, isto produce moitas enfermidades: irritacións, problemas na pel, corazón, sistema nervioso e moitas máis.

| LOCALIDADES | PH |
|-------------|-----|
| Noia | 3,9 |
| Toledo | 4,6 |
| Tarragona | 5,4 |
| Logroño | 5,5 |

O dióxido de xofre permanece de dous a seis días vivo, e pode percorrer centos de quilómetros se axuda o aire, isto é o que produce a choiva aceda. Por iso a central térmica de Meirama inviste 4,2 millóns de euros en indemnizacións para a xente afectada, como cada ano as emisións son maiores tamén afecta sensiblemente ao turismo e a outras moitas cousas máis.

As centrais non só contaminan a atmosfera, senón que tamén contaminan a paisaxe, contámanana porque para que funcione unha central hai que facer encoros, unha mina para a extracción do carbón, un almacén para o carbón, o tendido eléctrico e estradas.

A central térmica de Meirama emite:

4,8 millóns de toneladas de CO₂
(dióxido de carbono).

63.300 toneladas de SO₂
(dióxido de xofre).

10.600 toneladas de NOX (óxido de nitróxeno).

Isto equivale á contaminación de dez centrais estadounidenses.

Se divide as emisións da central entre as 380 persoas que viven nos arredores a cada persoa correspóndenlle:

12 toneladas de dióxido de carbono.

168 quilos de dióxido de xofre.

32 quilos de óxido de nitróxeno.

Por iso o pasado ano o día 17 de decembro de 2007 reuníronse todos os veciños co director da central para as indemnizacións causadas polo depósito de carbón que está situado ao lado das casas e só teñen pechado parcialmente por arriba. Os veciños protestaron porque a central non quere ofrecer bos prezos polas casas, e deste xeito os veciños da Lousa néganse a abandonar as súas.

Unha solución da central de Meirama é o peche técnico dende xaneiro ata o verán para limpar a cheminea e reducir o carbonilo que emporcalla as casas. Esta limparase cada vez que paren os xeradores, solución que nunca se fixo dende que se abriu.

Outra solución proposta é deixar de usar lignito da mina de Cerceda para usar hulla que é un carbón menos contaminante e que vén importado de

Sudáfrica, isto custaralle a Meirama 90 millóns de euros,. Para levar a cabo isto fará falta o peche técnico da central dende xaneiro ata o verán, nese tempo os operarios intentaran limpar o mellor posible o carbonilo da central.

Segundo un estudo de análises cíclico da vida (ACV) o novo funcionamento da terceira adaptación da combustión para a hulla tiña que estar en funcionamento hai tres anos, no dous mil cinco.

A hulla é transportada dende o porto da Coruña ata Meirama, isto fai que non estea na Lousa acumulada, tamén terán un novo transportador de cinzas e escoura que será interno. Con estas melloras reducirase o impacto da central un 25% no quentamento global, un 74% no efecto invernadoiro e un 52% nos residuos en relación ao do ano 1999.

| ANO | Quentam. global | Efecto invernadoiro | Residuos |
|------|-----------------|---------------------|----------|
| 1997 | 1,306 | 0,038 | 0,194 |
| 1998 | 1,269 | 0,033 | 0,183 |
| 1999 | 1,178 | 0,025 | 0,120 |
| 2003 | 0,888 | 0,007 | 0,058 |

Iván Uzal Pallas, 3ºB



ENTREVISTA EN TALLERES POULO.

Estamos a día catro de xaneiro de 2008 e imos entrevistar o xefe e o dono de Talleres Poulo:

-Ola Antonio!!! Que tal?

Bos días home. Eu moi ben.

-Cando se construíu este taller?

Pois construíuse arredor dos 80.

-Levas moito tempo traballando de mecánico?

Si, levo traballando moito tempo. Uns vinte e catro anos.

-Levas reparado e vendido moita maquinaria?

Si, bastante.

- Cantas máquinas reparas e vendes ao longo do ano? E nun mes?

Nun ano adoito vender e reparar unhas cincuenta máquinas. E nun mes depende do que che queiran comprar os clientes.

-Desde que empezaches a traballar tiveches moitos traballadores?

Ó principio non moitos pero segundo foron avanzando os anos si que tiven algún.

-Agora mesmo tes algún? Cantos? Son traballadores?

Agora mesmo si. Teño dous. Si que son bastantes traballadores polo de agora.

-Cando rompe algunha máquina, tes servizo para ir arranxala?

Si, teño unha furgoneta apropiada para o taller.

-Que tipo de maquinaria adoitas arranxar ou vender?

Pois sempre arranxei e vendín maquinaria agrícola.

-Que máquinas tes no taller para traballar?

Teño unha pregadora, unha cizaña de catro metros de ancho, unha serra industrial e todo tipo de utensilios.

-Fas algo máis que arranxar maquinaria? Que fas por exemplo?

Si, fago carpintería mecánica.

-Gañas moito diñeiro traballando de mecánico?

Non moito, pero polo de agora chégame.

-Tes algunha persoa na oficina para clasificar as facturas?

Non, aínda que ás veces o meu fillo mas fai.

-Tes algunha nave mais ca esta?

Si, a que está ao lado.

-Que tes nesa nave?

Teño unha pregadora, unha cizaña, un carro elevador e almaceno a chapa.

-Que adoitas facer nesa nave?

Aí e onde fago todo o de carpintería mecánica.

-Cantas horas traballas ao día nesa nave?

Depende. Algún día de sol a sol, outro nada, outro cinco horas...

-Que aparellos fas nesa nave e canta chapa gastas?

Algo de todo. Remates para tellados, canlóns, etc. Depende do que se faga.

-Soes ter moitos clientes para o de carpintería mecánica?

Si, polo xeral teño moitos sobre todo os que fan naves e portais.

-Que outras cousa adoitas facer na carpintería mecánica?

Fago debulladoras para o millo.

-Cantas fas ao ano?

Fago unhas noventa debulladoras.

- Adoitas vender todas no ano?

Todas non, algunha sempre queda.

- A quen llas vendes normalmente?

Pois véndollas aos veciños e a empresas pequenas como por exemplo: CASE CALVO.

-Dedícaste a algo mais ca a mecánico?

Non, non me dedico a nada máis.

-Practicas algún deporte?

Si, a caza mais a pesca.

Moitas grazas señor Antonio por me responder estas cuestións, agradézollo moito.

Manuel Veiras Grela, 3ºB.



publicidade

A publicidade é un xeito de anunciar un produto, pero tamén pode acabar controlando as nosas vidas. Actualmente non se pode andar pola rúa sen ver anunciada unha marca, é o que se chama a contaminación visual, gran parte do que vemos só é publicidade, aínda que non nolo pareza: un debuxo nunha camiseta, unha sombrilla de praia, ata algúns coches levan publicidade enriba para aportar uns cartos extra aos seus donos... E esta publicidade

acaba funcionando, porque sempre imos tirar a comprar un produto que che soa de velo nun anuncio antes que outro que che dixeron que sae moi bo, aínda que á pregunta directa de "quen é mellor conselleiro: un amigo ou un anuncio" respondamos "un amigo" subconscientemente facémoslle máis caso a un anuncio. Vaiche parecer mellor persoa un tipo (que sabes que é un imbécil) vestido con roupa de marcas: puma, nike, adidas... que un tipo amable e educado cunha camiseta que pon "floristería Marisa, coidado cos seus prezos, que os pisas..."



coidado cos seus prezos que os pisas

mundo está loco" porque está controlado polos anuncios.

Pablo Meijide Santos 3ºD

o chiste faiche graza pero despois dis que é unha estupidez porque alude ao pequeno comercio, sen embargo o lema de nike "just do it" que significa "faino" pareceche super orixinal e que non podía estar mellor elixido, aínda que se te paras a pensar, ves que non ten sentido. Sempre nos poñemos de parte das marcas coñecidas aínda que agora o negues. Ademais de que a publicidade estropeou a parte do noso cerebro que diferencia os mellores prezos dos timos, por exemplo vemos uns tenis de marca "Straubinof" (acabo de inventar) que custan 40€ e parécenos unha estafa, sen embargo, vemos outros de marca nike co prezo de 90€ e parécenos unha ganga. Como dixo o arxentino do anuncio de Aquarius "el



mediacrearpublicidad.com

“A auga é o elemento básico da vida, pero débese controlar, pois pode chegar a ser un factor altamente contaminante”.

En Ordes temos, recoñecidas, un total de vinte e tres saídas de auga repartidas por todo o municipio: dezaseis delas son fontes, tres son billas do consumidor e dúas son depósitos xerais.

A distribuidora Espina & Delfín é a encargada de realiza-los controis sanitarios das súas augas e de informar de se son potábeis ou non. Estes controis comezáronse a realizar o 16 de xullo de 2007, tentando garantir a sanidade da auga empregada polos veciños. Réxense pola Norma de Calidade UNE-EN ISO 9001 (espinaydelfin.com) e consisten na toma de tres mostras cada, aproximadamente, quince días: tómanse de forma aleatoria en distintos puntos do concello: en fontes da zona rural, nos depósitos xerais, na planta potabilizadora e incluso nas billas dos cidadáns. As técnicas analíticas empregadas son as recoñecidas



internacionalmente como Métodos Normalizados para a análise das augas por APHA (American Public Health Association), a WPCF (Water Pollution Control Federation) e pola AWWA (American Water Works Association).

Os resultados móstranse na páxina web de Ordes (www.concellodeordes.com), onde demostran que once delas, a metade, non son aptas para o consumo. Segundo as últimas análises realizadas no día 3 de marzo, estas son as de: A Costa e A Chan, en Santa Cruz de Montaos; a fonte pública de Morgade, no Mesón; Santa Eufemia, en Leira; Balado; Nosa Señora, en Beán; Outeiro e Rúa, en Poulo; Fernanducho, ao lado do paseo de Iván Raña; e, ademais a dunha escola infantil, en Parada. A fonte pública de Estrei tampouco resultou ser potábel. En moitas destas fontes atopáronse bacilos, por mor da presenza de fosas sépticas, pozos negros ou xurro, pois este tipo de bacterias pasan ao medio a través da descomposición animal (oterrunho.blogspot.es: 09/2007).

Pola contra, as que si manan auga saudable son: os tres puntos da billa do consumidor (entre eles o do centro urbano e o do Mesón do Vento), os depósitos de cabeceira e

Merelle (onde as análises se tomaron nas saídas



dispersa polo municipio»
(lavozdeg Galicia.es:
13/05/03).

correspondentes), a fonte pública Ponte Fosado, O Sangriño, Esmoris, O Gato e a fonte do Casal. Nesta última houbo un momento no que as análises demostraban que non era apta para o consumo por causa da filtración ao solo do abono que botaran algúns agricultores nas leiras próximas á fonte, pero, segundo a súa última análise (tomada o 23/07/2007), si é potábel. Tamén se analizou a Rede de Distribución, que tamén ten auga sa.

Aínda así, o Concello mostra na súa páxina que non está plenamente conforme con moitas desas fontes potábeis.

Moitas delas están infectadas por coli, que tamén é producido polo xurro que botan os cidadáns nas leiras, que posteriormente vai aos mananciais que se atopan no subsolo.

Nestes momentos, o Concello, está a restaurar algunhas fontes e muíños do municipio. Estas tarefas xa comezaran en 2003 cando -antes o tenente de alcalde- Manuel Regos dixo: «Este é un dos retos que tiñamos porque queremos recuperar pouco a pouco as fontes e os muíños da nosa arquitectura popular que temos

Xa está restaurada a fonte do Casal, a Mercelle e a de Cestaños, á que aínda non lle realizaron ningunha análise. O BNG pediu, tamén no 2003, a restauración da fonte do Cachorro en Mesón do Vento (lavozdeg Galicia.es: 20/08/03). Decía que era unha fonte moi importante pola súa céntrica localización, pero á que os veciños non podían acceder pola maleza que se atopaba nela (lavozdeg Galicia.es: 20/08/03); aínda que durante 2007 non foi restaurada.

BIBLIOGRAFÍA

REDE:

· Google.es:

- Fontes+Ordes:

<http://oterrunho.blogspot.com/2007/09/localizan-4-fuentes-non-potables-en.html>

· Concellodeordes.com:

http://www.concellodeordes.com/index.php?option=com_content&task=blogcategory&id=116&Itemid=367

Lavozdeg Galicia.es:

- Fontes+Ordes: (Ed. Santiago)

http://www.lavozdeg Galicia.es/santiago/2007/09/30/0003_6185625.htm

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2003/05/13/1674775.shtml>

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2007/01/08/5435458.shtml>

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2003/08/20/1924119.shtml>

- Fonte+Casal: (Ed. Santiago)

http://www.lavozdeg Galicia.es/santiago/2007/11/04/0003_6288399.htm

http://www.lavozdeg Galicia.es/santiago/2007/08/08/0003_6043892.htm

· Elcorreogallego.es

· Espinaydelfin.com

LIBROS:

· A Aula Na Casa, Tomo 9 (Ciencias Naturais), 120-123

· Gran Temática Planeta, Tomo 5

PERSOAS:

· Veciños e veciñas das aldeas do concello

· Ministro de Medio Ambiente de Ordes

· Axentes da Policía Municipal

Fernando Núñez Sánchez N° 10 3° B

Fontes do Casal e de San Fernandiño



ENTREVISTA A MANUEL REGOS

Ola. Estamos na Casa do Concello de Ordes co excelentísimo alcalde de Ordes D. Manuel Regos Boquete e eu dispñoome a entrevistalo.

Sr. Alcalde, respecto a estes cambios urbanísticos que se están a producir na Vila de Ordes:

A que se deben as reformas nas rúas, como tapar hortas e descampados?

Para dar una imaxe distinta da nosa vila a veciños e forasteiros.

Por que estas obras tan a correr?

As obras son todas programadas e feitas de acordo ás necesidades.

Cambiando de tema, hai tempo lin no xornal "El Metropolitano", que se ampliaría a Casa do Concello; é certo este dato?

Si, o goberno pretende aumentalo para dar máis servizo ós veciños.

Cando se efectuarán as obras?

Durante os anos 2008 e 2009.

A onde se trasladarán os traballadores do Concello durante este proceso?

As obras realizaranse por fases, unha parte nova, logo cambiaríanse os empregados, e despois reformaríase a parte antiga.

Derrubarase ou permanecerá a antiga estrutura?

Permanecerá, porque é un edificio

emblemático do noso Concello e non se debe derrubar.

Cal será o custe deste proceso de ampliación da Casa do Concello?

As dúas fases acadarán aproximadamente un custe de 1.000.000€.

Outra cousa:

Por que se cambiou a liña amarela da Rúa de Compostela?

Por motivos de seguridade do edificio no que se atopa a hamburguesería "Carcas", porque os camións non podían manobrar e golpeaban coa fachada do devandito edificio.

Ampliarase a chamada "zona Azul" do centro de Ordes?

Se hai petición dos veciños, ampliarase.

E relacionado coa decoración:

Terá Ordes nun futuro máis "zonas verdes"?

No novo plan xeral, que se vai redactar agardamos contar con máis "zonas verdes", deportivas e de ocio.

Arranxarase o recorrido do río "Cabrón", para que sexa máis fermoso?

Proximamente realizarase un paseo fluvial entre os muíños de A Silva e o de Vilaverde.

É aquí o final das miñas cuestións, moitas grazas, ata logo e moita sorte na alcaldía de

Ordes.



Alberto José
Rama Iglesias
3º ESO B

A historia da Peneda de



Guntín, tamén coñecida como dolmen de Aiazo comeza en 1991. Daquela esta zona estaba en pleno proceso de concentración parcelaria. Segundo os membros do Obradoiro da Historia nun destes traballos tiraron as pedras coñecidas dende sempre polos veciños. Ademais no lugar encontráronse outras pedras similares. O feito quedou esquecido ata 1996 cando dúas persoas pensaron que podía tratarse dun dolmen de cámara poligonal, posiblemente con corredor. A cámara estaría formada por uns cinco chanzos e unha gran tampa ou cuberta: un dos esteos mide 4,65 m estando entre os maiores de Galicia. A peneda de Guntín ou dolmen de Aiazo, despois de cinco mil anos baixo terra saíu á luz da peor forma posible.

Non obstante o informe engade que hoxe a probabilidade de encontrar o emprazamento exacto do monumento faría innecesaria a realización de escavacións complementarias. Dada a dificultade de atoparlles aos restos unha nova localización como

consecuencia da súa ubicación fóra do contexto arqueolóxico,

as lousas están amoreadas ó longo dun camiño esperando a decisión dos estudos sobre o seu definitivo emprazamento.

O ano pasado o asunto púxose en coñecemento do Valedor do Pobo e este, vista a situación, enviou unha recomendación á Dirección Xeral de Patrimonio, na que urxía establecer todas as medidas que fosen adecuadas e necesarias para a protección dos restos da Peneda de Guntín ou Dolmen de Aiazo así como acelerar o máis posible o estudo que se está a facer sobre o seu definitivo emprazamento. Esta recomendación foi feita en marzo do pasado ano de 2006.

Tempo despois Patrimonio comunicou que non aceptaba o consello do Valedor do Pobo, e este decidiu incluír o caso no informe que cada ano presenta ao Parlamento Galego.

Samuel López García, 3º A.



Iván Raña


Iván Raña Fuentes naceu o 10 de xuño de 1979 en Ordes.

Raña foi o primeiro triatleta galego en conseguir un campionato do mundo da especialidade, o primeiro en vencer nunha proba da Copa do Mundo e en participar nuns Xogos Olímpicos. Raña tivo unha vertixinosa progresión deportiva que se freou nos Xogos Olímpicos de Atenas, onde obtivo unha discreta posición por culpa das lesións e non puido revalidar o diploma colleitado catro anos antes en Sydney. Na tempada de 2006 recuperou outra vez a primeira liña mundial.

Se ben o triatlón valora o equilibrio na preparación entre as súas tres

especialidades, a que se lle dá mellor a Raña é a bicicleta. Iván Raña recibiu en 2003 a Medalla de Prata de Galicia, que outorga o goberno galego. Na actualidade o seu adestrador é José Ángel Rioseco que tamén adestra a Xavier Gómez Noya.

O triatlón, o deporte preferido de Iván, é un deporte individual e de resistencia, que reúne tres disciplinas deportivas: a natación, o



ciclismo e a carreira a pé, por esta orde e ininterrompidamente, de xeito que se realizan unhas transicións altamente

regulamentadas entre unha especialidade e outra, sen deixar a proba. A natación pode practicarse tanto en mar como en lago, máis ou menos artificial.

É seguramente un dos deportes máis duros que existen no



panorama competitivo internacional actual. Os deportistas que o practican manteñen un severo calendario de adestramentos para poder facer fronte ás esixentes condicións das probas, tanto físicas como psicolóxicas.

Galiza conta con campións de grande renome no triatlón masculino, como Iván Raña ou Xavier Gómez Noia, ademais dunha selección galega de triatlón que competiu internacionalmente en probas da Copa de Europa.

O triatlón foi incluído entre as disciplinas olímpicas nos Xogos Olímpicos de Sydney, en 2000.

Administrativamente, o triatlón depende en Galiza da Federación galega de triatlón

e pentatlón moderno.

Na actualidade o seu adestrador é José Angel Rioseco que tamén adestra a Xavier Gómez Noya que é triatleta igual que Iván Raña.

Xavier naceu o 25 de marzo de 1983. Este triatleta, campión mundial sub-23 en 2003, campión de Europa en 2007 e campión da Copa do Mundo de 2006, é un dos máis importantes deportistas galegos.

Especialista en natación, deporte no que posúe récords galegos en longas distancias, leva anos dedicándose ao




triatlón e participou na primeira selección galega deste deporte, que debutou internacionalmente na Copa de Europa de Estoril, en 2006.

No ano 2004 non é seleccionado para os Xogos de Atenas pola Federación Española de Triatlón, o que motiva



numerosas protestas do deporte en Galicia e ata no Congreso dos Deputados. Uns meses



despois, o Consello Superior de Deportes retíralle a licenza para competir internacionalmente, por entender que a alta competición, sumada a unha valvulopatía aórtica que padece, lle pode supor un grave risco para a saúde. En febreiro de 2006, logo de intensas xestións e de ditames médicos internacionais, Gómez Noya recupera a licenza. Nesa mesma tempada logra unha segunda posición na Copa do Mundo de Aqaba, gaña a Copa de Europa de Estoril e vence tamén na Copa do Mundo de Madrid, por diante do seu compañeiro Iván Raña, e mais na de Hamburgo e proclámase campión da Copa do Mundo, algo que nunca fixera un triatleta galego.

No ano 2007 realiza unha tempada de

éxito impoñéndose en tres probas da Copa do Mundo (Lisboa, Salford, Tiszaujvaros e Beixín), e sendo podio en todos os outros triatlóns nos que participa. Nos mundiais de Hamburgo, obtivo a medalla de prata logo de que o derrotase no sprint final o alemán Daniel Unger. Ademais, conseguiu matematicamente o campionato da Copa do Mundo a falta de tres probas para o seu remate.

Integrou a selección galega de triatlón na Copa de Europa de Estoril, a canda Alberte Trillo, Aida Valiño e Saleta Castro, e na Copa de Europa de Alexandrúpoli (Grecia), con estes triatletas e ademais Antón Ruanova.

Adrián Bermúdez Vázquez, 3ºB, nº 1.





Se algún vehículo supera a tara de peso limitada, ou o coche ten máis cilindrada da permitida será descalificado se non repara o coche antes das tres horas previas aos adestramentos.

Os Adestramentos:

Neles hai dúas etapas. Primeiro saen os coches de menos de 1.600 c.c. Despois, os de máis de

1.600. Logo, os Kartcrós, e finalmente, os 4x4.

Ao acabar a primeira rolda, empeza a segunda, e polo mesma orde.

Cando xa están acabados os adestramentos, ponse nunha táboa de anuncios a clasificación. (Isto acontece pola mañá.)

O Autocrós Galego:

O Autocrós é un deporte no que compites co teu coche contra outros adversarios, por iso é un deporte no que soltas moita adrenalina.

O Autocrós Galego é unha competición que máis éxito ten en España incluso en Europa nesta modalidade, xa que o campionato de España e o de Europa realizase en Galicia, no circuíto de Arteixo (A Coruña).

No Autocrós galego hai catro modalidades: -1.600 c.c, +1.600 c.c, Kartcrós e 4x4.

No campionato galego de Autocrós hai dez circuítos: Arteixo (A Coruña), Mazaricos (Xallas), Laracha (Laracha), Cerceda (Cerceda), O Castro (Lugo), Monte Roxo (Mondoñedo), Santa Comba (Xallas), Mesón do Vento (Ordes), Rianxo (Rianxo) e Lalín (Lalín).

As Verificacións:

Todos os concursantes que están apuntados na carreira terán que pasar unha verificación de peso, chasis e motores.



As Carreiras:
(Son pola tarde)

Nas carreiras de Autocrós teñen a mesma orde que nos adestramentos.

Primeiro saen os de menos de 1.600 c.c. nunha semifinal, na que só pasan á final os oito primeiros. Despois, os de máis de 1.600, na semifinal, na que tamén se clasifican os oito primeiros.

De seguido saen os



Kartcrós na semifinal, na que tamén pasan os oito primeiros. E por último, os 4x4 dos que só pasan á final os catro primeiros.



Ao acabar as semifinais en tódalas categorías hai un descanso dunha hora para reparar algúns coches se fai falla. E de seguido...

De seguido hai unha repesca na mesma orde, para os participantes que non quedaron entre os oito primeiros nas semifinais.

Nelas só se clasifican para a final os dous primeiros, agás na categoría de 4x4 na que só pasa un.

Ao acabar as repescas hai outro descanso de dúas horas, e logo as Finais.

As Finais: ás finais só chegan dez concursantes en cada categoría agás en 4x4 na que chegan cinco.

Ao acabar as carreiras prodúcese a entrega de premios.

Categorías:

-1.600 c.c.:

Nesta categoría é onde se fan os mellores tempos xa que os coches son máis lixeiros, e por iso é unha das que máis espectáculo dá.

+1.600 c.c.:

Nesta categoría os coches son máis pesados, pero o bo que teñen é que non hai limitación de cabalos de potencia nin de centímetros cúbicos

Kartcrós:

Esta é a categoría na que se alcanzan as velocidades puntas do circuíto, xa que os coches son moi lixeiros, e levan motor de moto. Dan tanto espectáculo porque teñen tracción traseira.

4x4:

Esta modalidade inclúese este ano no autocrós galego, polo tanto non temos moito que dicir, só que tiran as catros rodas, e isto fai que sexan vehículos cunha gran potencia, e por iso dan tanto espectáculo.

A nosa Opinión:

Diego López Villaverde: Na miña opinión o Autocrós é un deporte moi divertido e emocionante, por iso invito



a todo o mundo a que veña ver algunha carreira. Quizais dentro dalgún tempo eu poida competir.

Sergio Pérez Bello: A min o Autocrós é o deporte que máis me gusta, por iso intento ir a todas as carreiras posibles.

“Oxalá con este traballo a xente se anime a ver algunha carreira. E vostede tamén, profesor.”

Enquisa sobre o consumo de alcohol


ao alumnado de 4º da ESO do Maruxa Mallo.

Sábese que a media de idade de consumo de alcohol semanal está nos 15 anos e pese a todas as prohibicións de venda a menores, o seu acceso a el é cada vez maior. O alcohol consúmese en tan grandes cantidades entre os adolescentes por diferentes motivos; os rapaces cren que lles produce unha serie de efectos positivos que fan que sexa unha droga aceptada pola sociedade. Os efectos son, por exemplo, a perda da vergoña, unha maior integración social, a facilidade de relacionarse cos demais, etc. Non obstante os adolescentes non o recoñecen como droga e non ven que isto é unha porta cara a outras como a heroína ou a cocaína, aínda que varios estudos demostren que non é frecuente o consumo destas drogas sen experimentar previamente con alcohol.


Segundo a enquisa realizada no mes de abril de 2008 ós alumnos de 4º de ESO do IES Maruxa Mallo observamos que practicamente a totalidade dos rapaces que a fixeron beberon alcohol nalgunha ocasión e a

gran maioría consumírono no último mes. Non son tantos os que o consumen cada semana.

Con respecto ó consumo de alcohol na casa son moi poucos os que din que si. Na pregunta sobre se beberon sen control están bastante igualados superando o non.




Poucos son os rapaces que contestaron que algunha vez non puideran realizar o que se esperaba deles por estar ebrios, non obstante, as respostas están algo máis igualadas cando preguntamos se algunha vez non puideron recordar o que sucedeu a noite anterior.



Moi poucos se viron envoltos nunha lea por mor do alcohol, algúns máis os que levaron un golpe por estar ebrios e poucos nos que o seu consumo afecta algunha vez a terceiras persoas.


Só dez dos sesenta rapaces ós que se lles formularon as preguntas tiveron remordementos despois de beber. Son poucos os que non participaron nunca nun botellón e case todos están de acordo con que se fagan. Á pregunta sobre se alguén se preocupou polo teu consumo de alcohol as respostas están case igualadas, cunha pequena vantaxe dos que responderon si.



Son moi poucos aqueles aos que non se lles permitiu seguir bebendo nalgunha ocasión e foron expulsados dalgún lugar por estaren ebrios. Sete dos rapaces que fixeron a enquisa admiten que fan apostas cos amigos á hora de beber. A maioría afirman que son capaces de diferenciar cando están borrachos e cando non. Sorprendeunos ver que case un 20% din que senten ser unha carga para os amigos cando están moi borrachos. A pesares disto, só un dos alumnos reconece que ten un problema coa bebida e son moi poucos os que afirman que os seus familiares se preocuparon polo consumo de alcohol dos rapaces. Algúns contestaron que

bebían para esquecer o ocorrido e se vían influenciados polos demais á hora de beber pero a gran maioría dixeron que non.

Na pregunta de se aos rapaces lles preocupan as consecuencias que pode ocasionar o consumo de alcohol, a resposta está case igualada, cunha pequena diferenza.



Moi poucas persoas das que realizaron esta enquisa cren que deberían cambiar a súa forma de beber.

Gloria Casas Neira

Tatiana González Fraguas, 3ºC

Alcohol, drogas e tabaco

Realizamos unha enquisa en terceiro da ESO e cos resultados obtidos vimos que máis dun 60% dos alumnos beberan alcohol algunha vez e a un 45% véndenllelo sen problemas, algo que nos sorprende, porque está prohibido ata os 18 anos. Case a metade dos rapaces confesou ir algunha vez a un botellón e case sempre sen ningunha persoa maior de idade que se faga responsable deles.

Sobre o tabaco descubrimos que case o 40% dos rapaces fumaron nalgunha ocasión e deses, menos dun 5% teñen a seus pais ó corrente. A maioría deles din conseguir o tabaco en bares; e son moitos os que saben onde mercar papel de liar, estancos ou máquinas expendedoras.

Arredor dun 20% dos alumnos dixeron ter fumados porros algunha vez.

Tamén fixemos preguntas para valorar a súa información sobre as drogas, etc., e vimos que non estaban moito ó corrente porque nunha pregunta que se refería ós contidos da cocaína a maioría dixo que sobre todo levaba cal, fariña e pos de xiz; en realidade están enganados porque o que contén é cemento e mata ratas entre outras cousas.

Sobre se algunha vez consumiron drogas unha minoría de menos dun 20% contestaron que si, isto indícanos que non teñen claro que o alcohol tamén é unha droga porque hai unha contradición cando a maioría di que beberon alcohol pero que non consumiron drogas.

Tamén comprobamos que a maioría dos rapaces pensan que as drogas proporcionan unha sensación de relax; outra equivocación pois en realidade a resposta correcta supoñería falar de “depresión”.


Contestáronnos que as drogas máis doadas de conseguir en Ordes son a marihuana, seguida do haxix, da heroína e da cocaína.

Case un 50% do alumnado que participou na enquisa cre que se as drogas estiveran legalizadas non se consumirían tantas.

Con estes resultados vemos que unha alta porcentaxe beberon alcohol algunha vez, cifra que descende no consumo de tabaco. A porcentaxe dos que fumaron ou consumiron drogas algunha vez é bastante baixa pero aínda o podería ser máis.

Con estes datos observamos tamén que non estamos suficientemente informados sobre as consecuencias do consumo de alcohol, que non asumimos os problemas que ten o seu consumo e que tampouco dispoñemos de información sobre os contidos das drogas que están máis doadamente ao noso alcance.

GARCÍA VIEITES, Natalia
FRAGA CODESIDO, Jessica 3ºC



EMIGRANTE

Durante a segunda metade do século XX foron moitos os habitantes de Ordes e de aldeas próximas ao Concello, por exemplo Mesón do Vento, Lesta, Parada, Ardemil, Santa Cruz de Montaos ou Barbeiros, que marcharon na procura dunha vida mellor debido á fame, á miseria, á falta de cartos ou de casa onde vivir. Daquela a economía dependía

fundamentalmente da agricultura e da gandería. As leiras estaban case todas arrendadas e eran poucos os propietarios que traballaban as leiras. Os donos das terras, posuían unhas grandes extensións que estaban

próximas ás casas e tiñanllas arrendadas a caseiros. Os que non tiñan acceso ao aluguer de fincas, que era

o seu medio para vivir, víronse obrigados a emigrar de xeito masivo. Marcharon a países como Arxentina,

Cuba, Brasil... Na Habana formouse un centro galego onde se asociaron moitos emigrados.



Outras causas da emigración a Europa foron a escaseza de recursos e, sen dúbida, unha das fundamentais de escolleren Europa como destino foi a falta de dereitos que tiñan os galegos.

Outros motivos importantes para a emigración foron diversas situacións que obrigaran a deixar o país de orixe como a persecución política, as guerras e nalgúns casos profesións ou empregos como as misións relixiosas.



Durante a primeira fase do século XX, aínda que hai crises, son breves e permiten

o

autoconsumo e a subsistencia dos labradores. Os prezos dos produtos básicos -millo, trigo, centeo- experimentan unha suba considerable que favorece polo menos ás clases do poder: clero e fidalguía. Neste período instálase en Galicia unha burguesía foránea que normaliza o comercio ultramarino e as actividades industriais. Nos primeiros tempos da emigración a Europa os españois non gozaban de prestixio. Máis ben ao contrario, poida que fora o resultado da política na que se vivía, de feito o réxime franquista era moi criticado internacionalmente. A integración do emigrante galego en Europa foi máis ben resultado do desarraigo que atopaba ao regresar á orixe, fose esta volta temporal ou definitiva, cando comprobaba as múltiples diferencias entre



a súa terra e o primeiro mundo.

Os emigrantes que fixaron residencia nos países de Europa, pódese dicir sen lugar a erro, coñecían a inestabilidade laboral e social que durante moitos anos non garantía un retorno digno. Polo contrario tanto gobernantes como familiares aconsellaban non volver por mor dos moitos millóns aportados pola emigración. Nin Ordes, nin Galicia, nin España garantían mínimos estables para unha emigración que se considerou, ao primeiro, temporal, converténdose co paso do tempo noutra de longa duración e para moitos definitiva. Outros miles de emigrantes, unha vez conformada a descendencia, decidiron a separación do matrimonio a maior parte do ano, o que trouxo unhas relacións

afectivas moi difíciles, de moita dor.

Outros moitos
miles de galegos
vivirán e
morrerán lonxe
da terra
atrapados nese
circuíto vicioso
que lles impide
volveren
dignamente ao
país que lles deu
a vida e polo que
tanto traballaron.



Gonzalo Pampín
Couselo, 3º A.



Entrevista a Manuel Veiras Ponte



máis, de tres era, e o de arriba é de Couselo só.

-Era o máis rico da parroquia.
-Sí

Estamos a día 6 de xaneiro do 2008 máis coñecido como día de Reis e encontrámonos nun dos muíños da parroquia de Barbeiros coñecido como o Muíño do Cubo no que se atopa agora mesmo Manuel Veiras Ponte veciño desta parroquia e que se decidiu a arranxar este mencionado muíño.

-Ola Manolo! (...) Como marcha o arranxo do muíño?

-Ben, estáballe poñendo un pau por dentro para que cerrara a porta porque ao muíño de abaixo, o de Liñeira, roubáronlle a pedra e entón a ver se non quitan a deste tamén.

-Por qué te decidiches a arranxar este muíño tendo outros bastante cerca, exactamente a 23 metros o de Liñeira?



-Porque neste moñamos nós nel, porque era noso, creo que voso tamén, e viñamos aquí a moer, pero agora estragábase todo e tiñamos tellas alá no "arial", que eran para facer un caseto pero ninguén se puxo, e eu collín as tellas e púxenllas ó muíño para intentalo poñer a moer porque é unha cousa antiga e hai que conservala.

-Cando era costume vir moer?

-Cando botabamos millo viñamos moer aquí para facer fariña de millo para as vacas, para os porcos e así, e este muíño é de todos e noso, de Ramos, de Mariano, de Nicanor, voso, de Xan Rei ... dun lote deles.

-E os outros que hai arredor o de Liñeira é de Liñeira e o de Couselo de Couselo é.

- O de abaixo, o de Liñeira, é de Liñeira de Ramos e non sei de quen

Velaquí un home preocupado pola tradición da nosa terra, e que en certo modo pelexa por recuperar partes da nosa cultura unha das poucas persoas que se preocupa pola tradición, digo isto porque a poucos metros do muíño atopámonos cun tipo de contaminación que non repercute moito nas grandes cidades pero si no medio dun fermoso monte agora xa roto. Disto é do que estou a falar, aparte das pistas da concentración que destruíron o monte peor aínda có lume, cambiando incluso a traxectoria dos ríos.

UNHA DAS
CONTAMINACIÓNS
PARA MIN MÁIS
ODIADA PERO A QUE
MÁIS USO LLE DOU, AS
ANTENAS DE
COMUNICACIÓNS E OS
CABLES COMO NESTAS
IMAXES BEN SE

APRECIA DE TAN CONSIDERABLE TAMAÑO QUE PARA SACARLLES FOTOS OU LLE SACABA DÚAS OU UNHA DENDE ABAIXO NON DENDE ARRIBA POSTO QUE ESTÁ BEN SINALIZADO CON CARTEIS DE "ALTA TENSIÓN PERIGO DE MORTE".

Tras esta humilde opinión dun servidor imos ao asunto que nos ocupa agora, e ben, sigamos coa entrevista a este bo veciño.

-Sabes aproximadamente cando deixou de traballar este muíño?

-Oi, xa hai que parou de traballar pararía alá polos 70 porque claro, viñeron os muíños eléctricos e a xente moía na casa e despois xa ninguén viña aquí.

- Tamén chegou aos meus oídos que o muíño era razón de disputa aínda que era un ben de todos.

-Claro, era un ben de todos porque daquela non había os muíños estes eléctricos e a xente quería moer, e todos á vez non podían, e claro había pelexas aínda que algún cando sabía que alguén vendía algunha parte, ía e, se tiña con que, compraba, nós tamén compramos unha parte no muíño do Carregal porque neste só non había moito tempo a moer.

-Deuche moito traballo representar as pezas de madeira?

-Non, non gastei mais que uns sacos de cemento, uns troncos de madeira, que tiña pola eira tirados, e o meu traballo.

-Qué cres que foi o que mais traballo che deu

o arranxar o muíño?

-Foi a presa, cortarlle as árbores que tiña por alí aínda que xa lle está

medrando herba outra vez.

-Tiveches moitas dificultades cando lle abriches o camiño á presa?

-Non oh, non, cortarlle as árbores, limpar o rego e nada máis.

-Estaba o muíño en moi mal estado cando te puxeches a arranxalo?

-Non, o único, o tellado que estaba todo furado, pero cunhas tellas tapouse rápido, porque o tellado estaba todo caído.

-Como o de Liñeira ao que lle caeu unha árbore enriba e está todo derrubado.

-Sí, pero ese está sen a pedra, que a ese quitáronlla, e alí xa pouco hai que ver.

-Cal cres que é a peza máis importante do muíño?

-A máis importante é a pedra que anda por riba, en realidade as dúas pero, a que anda por riba é a que esmaga o grao, canto máis pesa, mellor para que o grao saia ben feito fariña, que cae na caixa que ten arredor a pedra e así, ao acabar de moer, colles alí a fariña e de volta para a casa.

-Que material foi o que necesitaches para arranxar este muíño?

-O material foi a tella e o saco de cemento.

-Que ferramentas usaches?

-Ferramentas poucas, unha paleta un martelo e o meu traballo.

-Unha vez poñas a funcionar o muíño virás moer o millo aquí?

-Non, porque eu teño o muíño eléctrico como tedes vós e entón eu aquí xa non veño e beneficio, non lle saco ningún. Mira eu isto fíxeno todo pensando en arranxar o muíño e tamén a presa para facer aí unha piscina para os rapaces. Se traes unha pa, fas aí un burato -a presa xa a limpei eu- aí queda unha piscina como a da parroquia do lado, Marzoa, onde

teñen unha piscina e o muíño arranxado ao lado. Pero claro iso fíxoo alguén que se preocupou pero eu non vou gastar cartos porque non gano

beneficio ningún, o único, ese saco de cemento que foi barato e nada máis, e José Manuel e mais eu pedíramos aquí un cacho de terreo para a parroquia pero ninguén se preocupou diso e agora o terreo queda todo para eles.

-Queda en masa común.

-Sí, queda todo para eles.

-O muíño xa fuches ti de novo moer e xa sabías todo o que tiñas que facer para arranxalo.

-Si no muíño xa teño quedado eu a durmir polas noites escoitando o seu ruído.

-Iades moer de noite entón?

-Non, pero, iamos ás troitas e durmiamos alí.

-De acordo, pois véxome obrigado a agradecerche moito a túa colaboración nesta breve entrevista, grazas por todo, adeus.

- Non se merecen, adeus.

Tras despedir a este noso convidado de hoxe quero mostravos tamén imaxes dun muíño xa mencionado nesta entrevista o de Couselo, sen dúbida, como agora van a ver, este é o



muíño dos citados máis atacado pola nai natureza pero só superficialmente; unha vez que te achegas ao interior, está en perfecto estado e, se non me cren, vexan e xulguen vostedes mesmos.

Esta é unha produción de “Chapuzas and Company” protagonizada por Don. Manuel Veiras Ponte e con actores secundarios como o Muíño do Cubo o de Liñeira e o de Couselo e o primo apartado, non impreso pero si nomeado, o muíño do Carregal.

Dirixida e narrada polo Estimado Manuel Eugenio Rey Gómez, presidente respectado desta empresa que ten a súa sede presidencial no medio dos muíños.



Manuel Eugenio Rey Gómez 3ºB

Poboación nas parroquias de Ordes

| Parroquias | Poboación(1999) | Poboación(2004) Mulleres / Homes | Entidades | Localización |
|------------|-----------------|-------------------------------------|-----------|--------------|
| Ordes | 5.966 | 6.512 (3.352 / 3.160) | 27 | centro |
| Ardemil | 1.161 | 1.094 (551 / 543) | 29 | nordeste |
| Barbeiros | 284 | 268 (138 / 130) | 14 | leste |
| Beán | 354 | 342 (179 / 163) | 10 | sur |
| Buscás | 549 | 542 (291 / 251) | 27 | centro |
| Leira | 687 | 661 (339 / 322) | 18 | norte |
| Lesta | 273 | 281 (126 / 132) | 13 | noroeste |
| Mercurín | 326 | 317 (165 / 152) | 16 | norte |
| Parada | 359 | 353 (183 / 170) | 13 | oeste |
| Pereira | 361 | 345 (168 / 177) | 16 | sur |
| Poulo | 353 | 346 (180 / 166) | 9 | leste |
| Santa Cruz | 845 | 867 (437 / 430) | 13 | sur |
| Vilamaior | 428 | 382 (196 / 186) | 25 | leste |

COMENTARIOS AO CADRO.

Neste cadro obsérvase que na maioría das parroquias a poboación diminuíu en 2004 con respecto a 1999. Non obstante a poboación aumentou no núcleo urbano de Ordes. O que quere dicir que moita xente que en 1999 vivía nas aldeas veu vivir á vila. A aldea máis poboada é Ardemil con 1.094 persoas e a menos poboada é Barbeiros con 268. Tamén se observa que a maioría das persoas son mulleres.

Adrián Liste Varela, 3º C.

HORRORÓSCOPO

Carneiro

Non confíes na sorte, estuda! E lémbrete de cando quedaches para saír para non chegar tarde de novo...!

AMOR- De isto nada de nada, pero como xa é o habitual!!

CARTOS- Tampouco.

O panorama non che é moi bo pero lembra que o importante é ter saúde (Mira ben cando cruces)

Touro

Este mes será moi bo para ti se tes contenta á xente de casa. Recolle a túa habitación e recorda que as camisetas non saben facer soas o camiño á lavadora.

TRABALLO- Terás moito se o buscas.

CONSELLO- Atoparaste mellor con cores vivas. O verán é para disfrutar del...

Xemelgos

Se vas a un karaoke lémbrete que aparte de cantar tamén hai xente que só escoita..Practica na ducha antes de ir, pero non tes que rematar con todo o repertorio.

SAÚDE- Boa, pero se chove tápate da chuvia.

CONSELLO- O churrasco non é o único, come de todo.

Balanza

Decídete por unha ou outra persoa, que como segas así quedarás a dúas velas.

AMOR- Daquela maneira.

CONSELLO- Cambia de look nesas cousas nas que non te sentes a gusto.

Escorpión

Es un signo moi forte, pero non infalible... así que deixa opinar tamén as túas amizades, que algo terán que dicir... SAÚDE- A ducha no verán pode ser con auga un pouco máis fría, xa non polo consumo de enerxía, senón por non escaldarse...

CONSELLO- Aproveita o verán, porque logo lembraraste de moitas cousas maravillosas que che van pasar.

Saxitario

Podes escoller roupa nova, probar con novos estilos e variar o teu peiteado, agora tes tempo. Aproveita estes meses para disfrutar do lecer, pero fai cousas e non te quedes no sofá.

AMOR- Para seguir sendo afortunado niso do amor tes que poñer máis da túa parte.

Caranguexo

Dentro de nada celebrarás o teu aniversario, celébrao ben. Chama a todo o mundo e disfrútao.

AMOR- Este verán vas flipar !!!

León

Gústache moito o sol, así que pon a túa pel morena na praia, no campo, no río ou na piscina... Iso axudará a que vaias con máis enerxía.. Pero con crema de protección solar...

Non penses mal da xente e analiza antes de xulgar...

AMOR: Estupendo, pero fai para conservalo, que se non vai durar menos que un regaliz de 5 céntimos...

Virxe

Vas ter moita sorte, pero mellora esas rachas de mal carácter que de cando en cando tes.

SAÚDE- Pon roupa fresca, que te vas a deshidratar...

Capricornio

Apura o tempo para aprobar as que che quedaron, pero fai algo máis. Vai á piscina, e pon a barriga ao sol, para iso xúntate con Leo.

AMOR: Non vas ter moito así que aproveita ben as ocasións.

Acuario

Ten conta as actividades que queres facer e organízate ben, ou ao final non vas facer nada.

Aprende a dicir que non ás túas amizades ou acabarás o verán sen facer nada do que realmente ti queres facer..

SORTE- Non vas a ter, así que non perdas tempo buscándoa..

Peixes

Coidado con facer todo para non quedar mal, porque esa non é unha boa razón para facer as cousas.

Decídete e fala con esa persoa que ao mellor levas unha boa sorpresa.

AMOR- Vas ter un pouco, pero non con quen te imaxinas.

CONSELLO- Non todo é bo ou malo, existe un punto medio, búscalo!!!

Entrevista a “Dios ke te crew”

Na entrevista a “Dios ke te crew” pasámolo de medo, porque entrevistar a estes cantantes tan “enrollados” foi unha experiencia moi boa. A entrevista máis que nada fixémoslla a Marcos (“Sokram”), porque os outros rapaces tiveron que marchar a preparar a viaxe para Cuba, para unha especie de acto ao que ían moitos cantantes, escritores, etc., galegos para actuar e representar alí as súas cancións e así.

Primeiro estivemos falando de como se formou o grupo, sobre outros cantantes de hip-hop, e preguntas dese estilo, ata que empezamos a entrevista. De alí a un pouco tivemos que marchar, non puidemos volver quedar con eles e houbo que acabar por teléfono o que finalmente notamos na factura.

Por qué escollestes ese nome para o grupo?

Porque é un xogo de palabras



que fixemos como outros grupos.

Que vos atraeu a facer ese tipo de música?

Porque é a música que nos gusta e que levamos escoitando desde pequenos.

Cantos membros ten o voso grupo?

Quince, porque uns fan música outros bailan breake....., pero os que facemos a música somos seis.

Cantos discos levades feitos ata agora?

Un que se chama “Xénese”, tamén temos unha maqueta chamada “Gamberros”.

Todos os do grupo, sodes de

Ordes?

Non, uns somos de Santiago outros de Vilagarcía...

Onde comezou a vosa carreira musical?

Canto tempo hai?

Uns empezamos antes, no 1997, e outros no ano 2000.

Seguides dando concertos por aí?

Si, pero ata sacar outro disco non daremos máis.

Quen compón as vosas cancións?

Cada un compón a súa letra e a música compóñena Mou e Freedy.

Por que cancións en galego e non en castelán?

Porque é a nosa lingua.

De todos vós quen é o que máis traballa para o grupo?

Mou que é un dos que dedica máis tempo.

Para cando vai saír outro CD, se é que hai outro?

A finais deste ano, sobre finais de outubro.

Tendes moitos fans en Ordes?

Eu creo que si.

Cal foi o voso último concerto e onde o fixestes?

Foi o Microfest, que é un pequeno concerto de rap en Santiago de Compostela, no polideportivo ``Multiusos do Sar``.



Non houbo tempo para máis aínda que quedamos con ganas de seguir falando con eles, e sobre todo de manternos en contacto cos seus traballos. Velaí a letra dunha canción do grupo titulada "Estranxeiros".

*Dime, porqué non poden vir vivir aquí
esa bandeira debuxáchela ti
vaia putada, unha fronteira trazada nun mapa
non me di nada
veñamos de donde veñamos, estamos
igual de vivos ou de mortos, estamos
igual de seres humanos
pa que cojones separarnos en cachos
as culturas as que nos distinguen
e non os rangos que crean os putos cartos
demasiado emprego, ou demasiado mamoneo co
papeleo
por eso non deixades pasar ós estranxeiros
por eso veñen en pateiras milleiros
legalidad, que cojones máis me dá*

*eu quero vivoir, quero viaxar
 ser, o que queira ser
 o que me pida o corazón e non un puto papel
 De donde es? do mundo son
 Que dis que es? humano son
 De donde es? do mundo son
 Que dis que es? humano, como non
 que comparte terra con millóns de especies máis
 De donde dis que es? do mundo son
 Que dis que es? un humano, como non
 estranxeiros, estranxeiras
 que estranxeiro nin que pollas
 empeza por referirte a seres humanos
 que as pasan putas, por chegar aquí
 e que reciben a cambio, detencións policiais
 porque según o estado español son ilegais
 anda cóntame outra máis, que esta non ma creo
 non me poido creer que por ser de outro lado
 teñas que ensinar un visado
 un simple papel arrugado, mollado
 non me colle na cabeza, tristeza
 eu sei que solo buscas o mellor para os teus
 e que obtés?, paus
 desta sociedade facha, que nos acecha
 e che pecha, a porta nos fuciños
 da gran botella, onde nos etiquetan coma os viños
 son os papeles os que fan legais e ilegales?
 son ilegales os que non teñen papeles?
 pero esto que é? non entendo nada, non sei nada
 pero como pode ser unha persoa ilegal
 pero quen eres ti, para decidir, para impedir ou
 prohibir
 que é o que está ben ou está mal
 se ti impartes o mal quen eres, para impoñerme leis
 seres humanos, todos iguais, hermanos*

*se nos teus colexios educas aos nenos dende
 pequenos
 a ser máis, a ter máis, capitalista
 enséña humildad, enséña unidade
 enséña respetar ó prójimo sea de onde sea
 criminalizades a xente, por ser de fora
 pero de fora de donde, o mundo é de todos
 que esteamos dirixidos por catro tolos
 que se forran a costa dos que sudan por eles
 non quere dicir, que o mundo non debera ser de
 todos
 e te invito a soñar, por un mundo ceibe
 sin fronteiras, nin barreiras
 bandeiras sin cores alzamos
 culturas diferentes, nunca rechazamos
 hermanos, esteamos donde esteamos
 igual de seres humanos
 De donde es? do mundo son
 Que dis que es? humano son
 De donde es? do mundo son
 Que dis que es? humano, como non
 que comparte terra con millóns de especies máis
 De donde dis que es? do mundo son
 Que dis que es? un humano, ti non? como non*

**Gustavo Javier
 Rodríguez Coto
 Martín Solmo
 Pallas, 3°C**

